

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ E A REAL ACADEMIA GALEGA CRÓNICA E EPISTOLARIO

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

Neste primeiro ano do século XXI, a Academia dedica o Día das Letras Galegas ó poeta e lexicógrafo Eladio Rodríguez González (1864-1949). Son estas dúas parcelas da súa obra intelectual as que pesaron na decisión da Academia e as que van ser obxecto, supoñemos, de máis estudo e investigación. Mais a figura de Eladio Rodríguez ten, ó noso xuízo, unha dimensión non menos relevante para a cultura galega. Refírome á súa vinculación coa Academia Galega, cuestión ignorada ou desatendida ata hoxe.

A vida académica de Eladio Rodríguez González abrangue case medio século, de 1905 a 1949. Académico numerario, un dos corenta fundadores, Eladio Rodríguez desempeñou ademais os cargos de secretario (1920-26) e presidente (1926-34). Fóra da mención destes postos, é moi pouco o que se sabe acerca dos traballos e dos días de don Eladio na Academia. Neste aspecto, a penas temos avanzado nada desde 1953, ano en que o académico numerario Ramón Villar Ponte publicou *Días, hechos y hombres de la Real Academia Gallega*¹, amena síntese histórica dirixida a unha ampla maioría de lectores. As poucas liñas alí consagradas a Eladio Rodríguez son a fonte da que se nutren todas as referencias posteriores, case palabra por palabra. Por iso nos pareceu interesante realizar un esforzo de documentación no arquivo da Real Academia Galega e noutros, coma o do Museo de Pontevedra e o da Biblioteca Penzol, depositaria dunha parte do que foi o arquivo persoal de Eladio Rodríguez.

Dous obxectivos perseguimos con estas páxinas: en primeiro lugar, aspiramos a ofrecer un panorama do labor de Eladio Rodríguez á fronte da Academia Galega; en segundo lugar, queremos dar a coñecer o epistolario dirixido polo autor a Casto Sampedro (1923-34), Enrique Rajoy Leloup (1932) e Ramón Otero Pedrayo (1926-44). Sampedro e Otero Pedrayo foron académicos da Galega e amigos moi respectados e queridos por don Eladio; con Enrique Rajoy Leloup tivo unha relación circunstancial, pero dalgunha transcendencia para Galicia, como esperamos mostrar. En conxunto, son doce cartas, rigorosamente inéditas, a excepción dunha, publicada no seu día na prensa. Cremos que este pequeno repertorio epistolar ilumina períodos e aspectos claves na historia da que é -ou está chamada a ser- a primeira institución cultural do país. Anticipo que algunha destas cartas fornece noticias, tamén, sobre a cronoloxía e elaboración do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-61), *chef-d'oeuvre* de Eladio Rodríguez.

Cuestións previas

Como acabamos de dicir, a vida académica de Eladio Rodríguez abrangue desde 1905 a 1949. Corenta e catro anos, ben se comprende, é un período demasiado amplo para ser tratado como convén no espazo de que dispoñemos, por xenerosa que sexa con nós a dirección deste *Boletín*. Por outra parte, debemos indicar que hai importantes lagoas na documentación académica. Por motivos que logo explicaremos, falta todo o arquivo da Academia no período que vai de 1927 a 1937: once anos, sete dos cales corresponden á presidencia de Eladio Rodríguez. Coñecemos, non obstante, o esencial do seu mandato e, aínda que non podemos contestar a todas as preguntas, cremos estar en condicións de formulalas.

Na nosa consideración, nese case medio século de historia académica, cómpre distinguir tres etapas claramente diferenciadas. Son as seguintes:

Primeira etapa. De 1905 a 1923: desde a fundación á morte do primeiro presidente, Manuel Murguía.

A Academia Galega constitúese na Coruña o 4 de setembro de 1905, por iniciativa e baixo a protección económica da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega (A Habana, 1905), que preside Manuel Curros Enríquez. Os traballos preliminares quedan ó cargo dunha comisión xestora presidida por Murguía e integrada por outros dez intelectuais galegos designados pola Iniciadora². A comisión xestora decide a composición da Academia, formada por corenta académicos de número, que deberán residir en Galicia; fixa a sede da Academia na Coruña; discute e aproba os Estatutos; nomea a primeira xunta directiva, integrada por Manuel Murguía (presidente), Eugenio Carré Aldao (secretario) e José Pérez Ballesteros (tesoureiro); e, conforme ó indicado pola Iniciadora, resolve solicitar o recoñecemento oficial da Academia por parte da xefatura do Estado, é dicir, a sanción de El Rei. Queda así constituída a *Real Academia Gallega de la Coruña* (R. D. de 25 de agosto de 1906)³.

A Asociación Iniciadora concibe a Academia como unha corporación que deberá dar unidade ó idioma galego, mediante a elaboración dun dicionario e dunha gramática, e que será a máis alta representación da lingua e da cultura de Galicia: “Bajo el lema *Colligit, Expurgat, Innovatque*, inspirándoos en sus elevados preceptos, acometeréis en primer término la formación de un Dicionario y la Gramática oficial de nuestra lengua”⁴. Mais, contrariamente ó demandado pola Iniciadora, a Academia Galega non se define nos seus Estatutos como unha academia da lingua. Véxase o capítulo I (“Objeto de la Academia”), artigo 1º: “El objeto de la Academia, patrocinada por la *Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega*, de la Habana, es cultivar las Bellas Letras en general, y principalmente, aquellos estudios que más puedan contribuir al conocimiento de la Historia, Antigüedades, Literatura y Lengua de Galicia”⁵. Así pois, a Aca-

demia Galega configúrase estatutariamente como unha corporación ó servizo da cultura galega en xeral, na que a lingua, citada en último lugar, é unha disciplina máis. Nin o dicionario nin a gramática se mencionan nos Estatutos.

Ademais do artigo primeiro, que informa o espírito e o labor da Academia ó longo da súa historia, hai, ó noso xuízo, outros dous mandatos estatutarios que marcarán o seu rumbo, e son: a fixación do domicilio oficial na Coruña (art. 2º); a conformación da xunta directiva, con cargos a perpetuidade e que deben recaer nos numerarios domiciliados na Coruña (art. 26). Canto ó primeiro, desde a mesma sesión constituínte quedou demostrado que os académicos de fóra non se sentían concernidos pola práctica académica, de maneira que a vida corporativa será sostida, fundamentalmente, polo traballo dos residentes na Coruña. A obriga de elixir os cargos de goberno entre estes últimos deu á institución un verniz localista -os propios académicos, tanto os da Coruña coma os de fóra, empezaron a pensar a Academia como unha institución coruñesa, máis que de toda Galicia- e, o que é máis importante, coutou as súas posibilidades de acción. Por último, coa instauración de cargos vitalicios, causa e efecto, á vez, dunha concepción patrimonialista do poder, a Academia devén unha institución presidencialista, unha xerontocracia, na que é difícil a renovación e débil o exercicio da democracia interna.

Na primeira etapa, a actividade da Academia oríentase a tres obxectivos: 1) constitución dunha biblioteca, hemeroteca e arquivo especializados en temas galegos; 2) publicación dun boletín-revista, de periodicidade, en principio, mensual (número 1: 20-5-1906); 3) formación dun dicionario do idioma galego. O terceiro obxectivo resultará o máis arduo, ata o punto de que quedará incumplido. A Academia aborda a tarefa lexicográfica como “obra colectiva de toda la región”, pero varias razóns cooperan ó fracaso da empresa común, desde a falta de preparación filolóxica dos fundadores ata o absentismo dos señores académicos, persoas ás que -convén telo presente- se lles demanda un traballo polo único pago de serviren ó seu país. O grupo fundacional reúne e organiza diverso material lexicográfico doado por académicos e particulares; adquire, por compra ou mediante copia, glosarios e vocabularios; circula papeletas con instrucións para a recolleita de voces en Galicia (1907-8); dictamina sobre a ortografía que ha de empregar a Academia (1909); inicia a publicación da *Colección de documentos históricos* (1915) co fin, entre outros, de extraer deles voces con destino ó Dicionario. En 1911, a xunta de goberno, de acordo coa Asociación Iniciadora, encarga a redacción dos borradores das papeletas do Dicionario ó académico correspondente e bibliotecario César Vaamonde Lores, quen se converterá, de feito, no único autor. O *Diccionario gallego-castellano* comeza a publicarse en 1913 e o seu ritmo de aparición, por fascículos, será lentísimo (en quince anos non chegan a completarse as tres primeiras letras)⁶.

Fóra da institución sucede un feito substantivo: a fundación, en 1916, das Irmandades da Fala e a conseguinte irrupción do nacionalismo na escena cultural e política. A Irmandade da Fala da Coruña aparece vencellada, en principio, á Academia e a algúns

dos seus membros: Manuel Banet Fontenla, Eugenio Carré Aldao, Manuel Lugrís Freire, Francisco Tettamancy, Eladio Rodríguez, Fernando Martínez Morás, Eladio Oviedo Arce, Rodrigo Sanz e outros académicos pertencen, con diverso grao de compromiso, ó movemento irmandiño. Cando as Irmandades se decantan pola acción política, algúns dos mencionados deslíganse delas, Eladio Rodríguez, un destes. A actitude das Irmandades e do galeguismo en xeral ante a Academia é de respecto pola institución e, sobre todo, pola figura de Murguía, ante a que se detén a crítica. Agora ben, iso non empece que os teóricos das Irmandades sinalen a contradicción dos Precusores entre a defensa apaixonada que souberon facer do galego e a súa praxe lingüística en castelán⁷.

Segunda etapa. De 1923 a 1936: desde a morte de Murguía ata a Guerra Civil.

Os transcendentais cambios políticos habidos nesta etapa terán fonda repercusión na Academia: dictadura de Primo de Rivera (1923-30), instauración da Segunda República Española (1931-39), estoupido da Guerra Civil (1936-39). A inestabilidade reflíctese na dirección da Academia, desempeñada, sucesivamente, por cinco presidentes: Andrés Martínez Salazar (1923); Francisco Ponte Blanco (1924-26); Eladio Rodríguez González (1926-34); Manuel Lugrís Freire (1934-35); David Fernández Diéguez (presidente accidental desde setembro de 1935 a decembro de 1936). Tras a desaparición de Murguía, a Academia vaise converter no teatro de enfrontamento de dous sectores en loita: nacionalistas e non nacionalistas. Nun primeiro momento, os nacionalistas tratan de introducir reformas na Academia e de introducírense nela; manteñen unha actitude extraordinariamente crítica coa institución e realizan un seguimento estreito do seu labor, a través da prensa. Máis adiante, inmersos en empresas culturais de ambición, coma o Seminario de Estudos Galegos (Santiago de Compostela, 1923), e solicitados por tarefas políticas urxentes, sitúanse á marxe do traballo académico (aínda que non sempre fóra da institución). A falta de entendemento nas cuestións fundamentais e as liortas internas esterilizan a Academia: suspéndese definitivamente a publicación do *Diccionario gallego-castellano* (1928), que queda interrompido, de xeito simbólico, na palabra “cativo”. Todos os dicionarios e gramáticas do idioma verán a luz sen o concurso da Academia Galega⁸.

Terceira etapa. De 1936 a 1946: desde a Guerra Civil á reorganización da Academia baixo a Dictadura franquista.

Periga a continuidade da institución. Unha vez definido o signo da guerra, comeza a reorganización integral da Academia, alentada e tutelada polas autoridades franquistas e desde as bases culturais do novo Estado. O principal motor da recuperación é Manuel Casás Fernández (presidente accidental desde decembro de 1936; presidente electo desde 1942; confirmado presidente en propiedade desde 1944 a 1960).

Neste esquema xeral, a Academia aparece como a única institución galega, de signo

máis ou menos galeguista, que sobrevive á Guerra Civil. Obviamente, se así foi, debeuse a que pagou por iso un alto prezo: o prezo de liquidar todo signo de galeguismo que non fose puramente epidérmico. Mais, aínda en condicións tan precarias, a supervivencia da Academia permitiu que en Galicia non se rompese o fío, por tenue que fose, da tradición cultural.

Eladio Rodríguez asistiu a este proceso, foi un dos actores do mesmo e en ocasións tivo nel un papel protagónico. Afastado de moitos dos grandes compromisos políticos do galeguismo, Eladio Rodríguez compartía os postulados do galeguismo cultural, que el exerceu con sinceridade e con emoción. De carácter bondadoso e sen ambicións de medro, Eladio Rodríguez non tiña inimigos (aínda que a súa actuación, ás veces, lle acarrexou adversarios durísimos). Por estas razóns, sería chamado a exercer un papel conciliador na Academia Galega.

Primeiros tempos na Academia (1905-1920). Eladio Rodríguez enceta o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (ca. 1910)

Eladio Rodríguez González é elixido membro numerario da Academia Galega, por acordo da comisión xestora, na sesión constituínte celebrada o día 4 de setembro de 1905⁹. A comunicación do nomeamento ó interesado leva data do 6 de setembro de 1905 e as firmas de Manuel Murguía e de Eugenio Carré Aldao, presidente e secretario, respectivamente, da nacente Academia¹⁰. A asemblea fundacional non esixe ningunha formalidade ós electos, salvo, claro é, a súa aceptación; a lectura do discurso de ingreso será preceptiva a partir da segunda promoción de académicos. Eladio Rodríguez recibe a medalla número 28, medalla que ata o día de hoxe teñen posuído, despois do fundador, Sebastián Martínez Risco e Andrés Torres Queiruga.

Reunía Eladio Rodríguez os requisitos esixibles ós académicos numerarios, declarados no artigo 6 dos Estatutos¹¹. Era don Eladio persoa de recoñecida competencia na vida cultural coruñesa, como xornalista, fundador da Asociación da Prensa, bibliotecario da Reunión de Artesáns... Moi próximo ó sector rexionalista liderado por Murguía, Eladio Rodríguez figuraba no consello de redacción da *Revista Gallega* e formara parte da primeira xunta directiva da *Liga Gallega na Cruña* (1897-98). Poeta unilingüe en galego, obtivera varios primeiros premios en certames públicos (Betanzos, 1887; Tui, 1891), e tiña un libro publicado, *Folerpas* (1894), na colección Biblioteca Gallega, da que era propietario e director Andrés Martínez Salazar.

As *Actas* rexistran por primeira vez o nome de Eladio Rodríguez na sesión do 27 de agosto de 1906, e nos primeiros tempos non o mostran como un académico asiduo. Nesa oportunidade, Eladio Rodríguez queda encargado, xunto con Manuel Lugrís e Florencio Vaamonde, de xestionar un local para a inauguración da Academia, que terá lugar o 30

de setembro de 1906¹². Don Eladio non estará presente en tan solemne acto. En canto ós traballos preparatorios para o Dicionario corporativo, Eladio Rodríguez é designado, en principio, membro da comisión clasificadora de papeletas (1-2-1907), para despois integrarse na comisión xestora (21-11-1907)¹³. Tras asistir a unhas poucas sesións ordinarias nos anos 1906 a 1908, Eladio Rodríguez desaparece das *Actas* desde o 29 de maio de 1908 ó 20 de decembro de 1918. É dicir: durante dez anos e medio Eladio Rodríguez non asiste a ningunha reunión académica. Non estou en condicións de propoñer ningunha explicación para este feito.

¿Cando comeza Eladio Rodríguez a construción do seu *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*? O epistolario a Casto Sampedro ofrece dúas declaracións contradictorias sobre este punto. Figura a primeira nunha carta do 1 de novembro de 1926, na que o autor se dirixe a Sampedro nestes termos:

Estoy leyendo su obra magnífica, tercer tomo de la Sociedad Arqueológica, que es para mí de un interés extraordinario, por las múltiples palabras gallegas que trae, sobre todo de cosas de mar, y por los curiosísimos datos sobre costumbres y estilos consuetudinarios en lo que se refiere a las artes de pesca. No sé si usted sabrá que estoy hace 16 años haciendo un Diccionario gallego castellano en el que se recogen todas las pasadas manifestaciones de la vida gallega en sus aspectos folklórico, costumbrista, mitológico, supersticioso, etc., etc. (Epistolario, I.3)

Así pois, Eladio Rodríguez sitúa en 1910 o comezo da súa recolleita lexicográfica. Na carta, como vemos, amosa o seu entusiasmo e agradecemento polo libro da Confraría do Corpo Santo e Gremio de Mareantes, editado por Casto Sampedro a nome da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, no que o lexicógrafo encontrou un precioso centón de noticias do galego mariñeiro, ata o extremo de que, como explica, trasladou por enteiro algunhas páxinas da mesma ó seu Dicionario, por exemplo, as relativas á palabra “atalieiro”.

En carta posterior, esta do 18 de febreiro de 1934, Eladio Rodríguez afirma levar trinta anos recollendo material para o seu Dicionario, o cal retrotraería o inicio dos traballos a 1904: “...la persistente labor de 30 años que a esa obra vengo consagrando” (Epistolario, I.7). Mais esta segunda frase non nos parece teña a precisión da primeira; semella un “redondeo”, por arriba, dos máis de vinte anos que, segundo a súa primeira declaración, levaría traballando. A cuestión non é baladí, desde logo, pois entre 1904 e 1910 non median só seis anos, senón que media a fundación da Academia Galega. A nosa opinión queda exposta, e o lector do Epistolario saberá ponderar as dúas manifestacións do autor. En calquera caso, é fóra da Academia e desligado das súas tarefas cando Eladio Rodríguez empeza o traballo lexicográfico que encherá toda a súa vida: se en 1904, porque a Academia non existía; se en 1910, porque nese período non concurría a ela.

En 1916 fúndase a Irmandade dos Amigos da Fala da Coruña, movemento ó que nun principio aparece vencellado o autor. A viraxe ideolóxica de Eladio Rodríguez, do rexionalismo lingüístico a un incipiente nacionalismo, faise patente na súa poesía. Escribe moita, considerando a lentitude da súa escritura, e o seu inicial costumismo de raíz carvaxaliana (*Folerpas*, 1894), dá paso a posturas radicais, na liña de Cabanillas (*Raza e Terra*, 1922). Os poemas de Eladio Rodríguez ocuparán frecuentemente as páxinas de *A Nosa Terra*, órgano das Irmandades. En novembro de 1916, a Irmandade da Coruña nomea ó poeta do Ribeiro Mestre da Fala, o primeiro que designa, cumprindo acordos estatutarios¹⁴. E o 31 de maio de 1917, Eladio Rodríguez é elixido tesoureiro da Irmandade da Coruña¹⁵.

O 30 de maio de 1918 *A Nosa Terra* publica a poesía de Eladio Rodríguez “Sancta sanctorum”, na que ocorren estes versos:

fundadores das santas Irmandades
que fan xurdir a nosa meiga fala,
e van buscando a redención da terra,
e tran consigo o despertar das almas...
¡páguevos Dios o ben que lle fixéschedes
a esta terra abafada!¹⁶

Os días 17 e 18 de novembro do mesmo 1918, os persoeiros das Irmandades da Fala reúnen-se en magna asemblea en Lugo para conquistar do goberno a autonomía integral da nación galega. Eladio Rodríguez non asiste nin envía a súa adhesión¹⁷. A raíz da I Asemblea Nacionalista de Lugo, o compromiso de Eladio Rodríguez coas Irmandades esmorece; o seu nome e os seus escritos desaparecen do voceiro irmandiño. É xustamente nestas datas cando se reintegra á Academia: as *Actas* rexistran a súa presenza na sesión do 20 de decembro de 1918. Poñía así fin Eladio Rodríguez a dez anos e medio de absentismo. Desde entón, a súa importancia na Academia será crecente, como demostran o seu nomeamento como secretario (1920) e presidente (1926). A ruptura total de Eladio Rodríguez coas Irmandades terá lugar en 1923 e farase pública con escándalo en 1924. O poeta do Ribeiro abandona os acentos xusticeiros e evoluciona cara a un misticismo ruralista, representado por *Oracións campesiñas* (1927).

A Secretaría (1920-1926)

Vacante a secretaría da Academia pola dimisión de Eugenio Carré (2-8-1919), procédese á elección dun novo secretario en propiedade, resultando elixido, polos votos unánimes dos reunidos, Eladio Rodríguez González (27-1-1920). Os primeiros meses no

cargo serán de feliz actividade. En maio, a Academia trasládase á súa segunda sede, as instalacións cedidas polo Concello no novo pazo municipal, na praza de María Pita. Na primeira xuntanza ordinaria que alí se celebra, don Eladio “dio gracias a sus compañeros por el honor que le habían dispensado designándole para tal cargo” (17-7-1920)¹⁸. En agosto, é recibido na Academia Ramón Cabanillas, o poeta das Irmandades.

A recepción de Cabanillas foi distinta a todas as que ata entón coñecera a Academia. En palabras de Otero Pedrayo, aquela foi unha festa galega, unha festa de xuventude, case unha romaría¹⁹. Celebrouse nun brillante día do verán, o 31 de agosto, santo do poeta recibido, e entre as frescas árbores do Balneario de Mondariz. Non faltaron coros nin muiñeiras. Contestou a Cabanillas, en nome da Academia, Eladio Rodríguez, que fora, tamén, un dos tres firmantes da proposta. Os dous poetas, o de Cambados e o do Ribeiro, falaron en galego e, despois, os seus discursos foron belamente impresos²⁰. Esas poucas páxinas son o único discurso en galego pronunciado por don Eladio durante a súa vida académica, e acaso o único neste idioma que pronunciou en toda a súa vida²¹.

Eladio Rodríguez desempeña as actividades do seu oficio académico, que son, entre outras, estender as actas de cada sesión, levar ó día a correspondencia, confeccionar un rexistro de todos os académicos, presentar a memoria anual e redactar algunhas páxinas da sección oficial do *Boletín*, traballos que se realizan sempre en castelán. Neste período, Eladio Rodríguez asina a proposta dos seguintes académicos de número: Ramón Cabanillas, Ángel del Castillo, José Pan de Soraluze, Vicente Risco, Narciso Correal Freire de Andrade, Antón Villar Ponte, José Domínguez Fontenla e Ramón Otero Pedrayo.

En febreiro de 1923 falece Manuel Murguía. A morte do Patriarca marca o inicio dunha profunda crise na Academia Galega. Despois de tan longa xefatura (dezaoito anos), a Academia opta por un candidato de continuidade. O segundo presidente será Andrés Martínez Salazar (12-5-1923), en que se busca a prolongación de Murguía. A elección é acollida con satisfacción e respecto unánimes. Pero hai unha excepción: *A Nosa Terra* considera unha vergonza para Galicia a falta dun candidato galego, pois Martínez Salazar, segundo lembra o voceiro irmandiño, era nado en Astorga (León). No artigo titulado “A Real Academia Gallega. Unha vergonza máis”, *A Nosa Terra* pronúnciase nestes termos:

Nosos maiores respetos para o Sr. Martínez Salazar. Home culto, home bon, home traballador e venerable, cuia longa e fecunda vida foi sempre merecente do noso aprau-so. Pero o Sr. Martínez Salazar non é galego. Por iso a súa consagración na presidencia da Academia é unha vergonza para Galicia. ¿Pero é que entre todol-os académicos galegos non hai un que seña merecente da presidencia? D-aquela compre por decoro que [a] Academia se peche para sempre. E o pior foi que resultou elixido por unani-

midade. E si o ser elixido quer dicir que os demais non teñen valimento científico, o sel-o por unanimidade quer dicir que tampouco teñen sentimento patriótico²².

Este artigo causou un profundo impacto na Academia, de maneira moi particular en Eladio Rodríguez, que veneraba a Martínez Salazar. Os xuízos emitidos por *A Nosa Terra* provocan temor e rechazo na maioría dos académicos e, en parte, explican o rumbo que toma a corporación, cada vez máis repregada sobre si mesma. Ó noso xuízo, a argumentación de *A Nosa Terra* está viciada na forma e no fondo, pero tamén cremos que nela subxacen dous feitos certos: é certo, en primeiro lugar, que, á altura de 1923, a cultura galega debía estar en condicións de producir non unha, senón moitas personalidades capaces de presidiren con acerto a Academia; en segundo lugar, é evidente que, despois da longuísimaxefatura de Murguía, a Academia precisaba dunha renovación, e esta, indubidablemente, non podía levala a cabo Martínez Salazar.

O artigo citado representa o primeiro ataque serio contra a orientación da Academia e leva á opinión pública un debate que chegará ós nosos días: ¿cal debe ser, en efecto, a misión da Academia Galega? Neste momento, a cuestión queda polarizada en dous extremos: dunha parte, a Academia, que é unha corporación erudita, dedicada a disciplinas humanísticas, fundamentalmente históricas, tanto polo seu mandato estatutario, como pola súa praxe, como pola súa composición; doutra parte, o nacionalismo, que concibe a Academia como unha corporación patriótica ó servicio da lingua galega.

Primeira campaña contra a orientación non galeguista da Academia: o caso Ponte Blanco (1924)

Andrés Martínez Salazar falece ós cinco meses escasos de tomar posesión (6-10-1923). A súa sucesión vai converter a Academia no teatro do enfrontamento entre dous sectores da cultura galega: os nacionalistas, que aspiran a unha reforma integral da institución, e os non nacionalistas, que perseguen a continuidade. A durísima loita provocada pola sucesión de Martínez Salazar abre unha fractura entre estes dous grupos que xa non se cerrará máis, e ela está na raíz da esterilidade da Academia ata 1936.

En 1923 hai oito numerarios radicados na Coruña²³, únicos elixibles estatutariamente, e ningunha personalidade indiscutible, como o foran Murguía e Martínez Salazar. Nesas circunstancias, os coruñeses temen que os seus colegas propoñan a reforma dos Estatutos e verifiquen o traslado da institución a outra cidade. Pénsase en Santiago, onde non faltarían aspirantes de calidade.

A xunta directiva da Academia, formada por Félix Estrada Catoyra, presidente accidental, Eladio Rodríguez, secretario, e Francisco Ponte Blanco, tesoureiro, resolve traballar a prol da candidatura deste último. Ponte Blanco pertencía á Academia desde a

fundación, como correspondente (1905), numerario (23-9-1921) e tesoureiro (12-5-1923), levado ó cargo por Martínez Salazar. Enxeñeiro e publicista, ex-alcalde da Coruña, Ponte Blanco era autor de varios manuais técnicos e dun par de libros de viaxe en castelán, títulos e libros que, certamente, non o facultaban para presidir a Academia Galega.

Así as cousas, Eugenio Carré Aldao, de costas á directiva, envía unha carta a varios numerarios de fóra da localidade postulándose como candidato. A reacción da xunta é contundente. Félix Estrada Catoyra e Eladio Rodríguez diríxense ós académicos, pedíndolles o voto para Francisco Ponte Blanco en termos dramáticos:

Es de tal transcendencia el buen acierto en la elección Presidencial, que de él depende la vida de la Academia, y así esta Junta, poniendo todos sus anhelos en el bien, provecho y prosperidad de la Corporación, en el amor a Galicia y a la cultura regional, acordó prescindir por completo de recomendaciones y amistades, y fijándose más en la representación social, tacto y prudencia del individuo, más que en sus méritos literarios, pues éstos por sí solos no bastan para el desempeño de cargos tan trascendentales, si no van acompañados de aptitud y altruismo, igualmente acordó proponer para puesto tan delicado y espinoso, al Sr. Académico Don Francisco Ponte y Blanco (23-12-1923. Epistolario, I.1).

Coa circular, Eladio Rodríguez acompaña unha carta particular desautorizando a Carré. Con este argumento:

Juzgo además necesario anticiparme a manifestar a V., para evitar torcidas interpretaciones, que yo no tengo animosidad contra el señor Carré Aldao, a quien admiro, y que no me mueve en este asunto el menor asomo de pasión personal; pero por el interés de nuestra Academia, y mirando a las conveniencias de ésta antes que a los egoísmos individuales de nadie, también me considero obligado a decirle que el señor Carré Aldao no nos es grato a la mayor parte de los Académicos de la Coruña -y no digo a todos porque no hablé con todos- y a algunos de fuera de esta capital. La causa principal de nuestra actitud es que tampoco era grato a los inolvidables Murguía y Martínez Salazar, cuya memoria es para mí casi sagrada, como creo que lo será también para V., llegando a darse el caso de que el venerable patriarca e historiador le obligase a presentar la dimisión del cargo de Secretario de la Academia (7-1-1924. Epistolario, I.2).

Eugenio Carré Aldao desempeñou a secretaría da Academia desde o 4 de setembro de 1905 ó 20 de novembro de 1906, e desde o 13 de decembro de 1909 ó 2 de agosto de 1919. Nas dúas ocasións dimitiu do cargo alegando ocupacións ineludibles. Se a súa dimisión foi forzada por Murguía, como afirma Eladio Rodríguez, nós descoñecemosolo.

A candidatura patrocinada pola xunta directiva transcende e o nome de Ponte Blanco indigna profundamente (mellor: escandaliza) ás persoas comprometidas coa lingua galega. *A Nosa Terra* conmina á Academia a rectificar e expresa a súa confianza de que en Galicia se erga unha voz unánime de protesta²⁴. De maneira practicamente simultánea, a finais de febreiro do 24, os académicos numerarios reciben unha carta subscrita por un grupo de galeguistas, ligados ás Irmandades, entre os cales están Ánxel Casal, Leandro Carré, Víctor Casas, Alfredo Somoza, Francisco Abelaira, Benito Ferreiro, Carlos Monasterio, José Iglesias Roura e outros, ata trece firmas. Transcribímola integramente:

Sr. D...²⁵

Académico de número de la R. A. Gallega

Presente

Muy distinguido señor nuestro:

Por fallecimiento del señor D. Andrés Martínez Salazar, de imperecedera memoria para nuestras letras, se halla vacante la presidencia de la R. A. Gallega.

Tenemos noticia de que algunos elementos de dicha institución tratan de designar para tan elevado puesto a D. Francisco Ponte y Blanco, quien, si en el orden particular merece nuestra consideración y respeto, no así en el científico y literario, en el que consideramos alcanza un grado muy inferior al que se precisa para ocupar un sitial glorificado por Murguía y confirmado como un puesto de altísimo honor por el ilustre polígrafo Sr. Martínez Salazar.

El Sr. Ponte y Blanco ha sido un laborioso ayudante de obras públicas. Escribió algunos folletos de sus viajes a Valencia, Lourdes y París en un castellano que nada aportará a las letras españolas. En su discurso de presentación como académico reveló un desconocimiento total de la arquitectura y arte gallegos, discurriendo con criterio lamentablemente vulgar sobre generalidades impropias de una Academia²⁶. Ignora, desconoce en absoluto todo lo que se refiere a nuestra historia y literatura y vive completamente ajeno a todo movimiento que implique devoción hacia la vida y problemas de todos órdenes de nuestro país. Esto es evidentísimo para todos los académicos que residen en la Coruña.

Ahora bien: ¿está el Sr. Ponte y Blanco en condición de ocupar aquel elevado puesto? ¿Puede mantener el prestigio que la R. A. ha alcanzado gracias al glorioso iniciador Curros Enríquez y a sus dos ilustres presidentes ya fenecidos? Aun asesorándose de secretario de amplia cultura ¿puede establecer con las personalidades y corporaciones académicas del extranjero aquellas relaciones que han de honrar el santo nombre de la Tierra Madre?

Rogamos a V., Sr. académico, que conceda a este asunto la trascendental importancia que encierra. Los tiempos de ahora son de germinación. La R. Academia puede ser, debe ser la que respondiendo a su misión inicial oriente el resurgir de todos nuestros valores espirituales. No debe ser una asociación fría, anodina, que viva como un organismo amorfo, como una cosa más para mantener pequeñas e inútiles vanidades, sino un laboratorio donde se funda y purifique todo lo que Dios ha querido concedernos para dar fisonomía propia a la tierra de Galicia. Y en este elevado concepto de lo que debe ser la Academia, estamos seguros de coincidir con V.

Nos importa sobre todo, como gallegos que aman fervorosamente a su tierra y cuanto contribuya a dignificar su nombre que el prestigio de la Real Academia no sufra menoscabo; y tanto puede este sentimiento en nosotros que si se considerase que en la Coruña no había por el momento persona indicada para ostentar el honroso cargo de Presidente de aquel Centro de cultura -lo que no creemos- consideraríamos preferible, aunque como coruñeses habríamos de lamentarlo, el traslado de este a cualquier otra ciudad -Santiago, por ejemplo- donde no pudiera presentarse aquella dificultad.

Ninguno de los firmantes tiene el honor de ser académico de número de la Academia a que nos referimos. Solo el mayor bien y prestigio de Galicia nos guía. Ella que es Madre de todos, sabrá inspirar a V. la actitud más conveniente que en estos momentos espera de sus doctos hijos.

Con la mayor consideración nos suscribimos suyos affmos.

q. e. s. m.

F. Abelaira / B. Ferreiro / Arturo Taracido / [Ilexible] / Alfredo Somoza / Víctor Casas / José Iglesias Roura / [Ilexible] / C. Monasterio / Leandro Carré / A. Casal / Míguez / Luis Somoza

Tras a divulgación desta carta por unha parte da prensa local, Eladio Rodríguez decide enfrentarse abertamente coas Irmandades e publica un editorial en *El Noroeste*, periódico do que é director, acusando a este sector do nacionalismo de manobrar para destruír a Academia. Non coñecemos o texto de Eladio Rodríguez, publicado entre os días 10 e 13 de marzo de 1924 (a colección de *El Noroeste* que posúe a Asociación da Prensa da Coruña está falta dese ano, segundo información do secretario, D. Rubén Sanjulián), senón a través de referencias en cartas particulares e noutros periódicos. Así, *La Voz de Galicia*, que non publicara a Carta dos Trece, alíñase, agora, con *El Noroeste*, ou, o que é o mesmo, coa directiva da Academia:

La prensa de varias ciudades gallegas viene recogiendo hace días unas notas que, por su contenido y su tendencia, parecen obedecer a un plan que alguien meditase, refe-

rente a la Real Academia Gallega y a la elección de quien, al frente de esta docta institución haya de sustituir al benemérito Martínez Salazar, cuya muerte lloran todos los gallegos cultos.

No hemos querido contribuir a dar alas a esa campaña en que se atisban egoísmos y ambiciones mal fundados y acaso un oculto deseo de llevar el desprestigio a Corporación tan respetable y digna de general estimación y apoyo, porque creemos firmemente que la cuestión de que se trata deben resolverla con talento y ecuanimidad, libres de toda presión que no sea la consciencia del propio decoro individual y colectivo los mismos académicos.

Si hoy nos referimos al asunto, es porque ya dos diarios locales lo han tocado y uno ayer *-El Noroeste-* levanta un poco la cortina para descubrir algo de la trama urdida en una institución nacionalista que en varias ocasiones se distinguió por injustos ataques *-repudiados por todas las personas honradas y sinceramente amantes de la cultura regional-* contra las rectas y razonables orientaciones de la Academia y de otras entidades y contra las prestigiosas figuras que las presidían.

No creemos que tenga la menor justificación el intento de unos cuantos señores entre los que figura el apellido de un estimable joven escritor, de pretender, con una circular inspirada en móviles quizá no desinteresados, coaccionar la voluntad de los académicos en favor o en contra de algún candidato a la presidencia de una Corporación que debemos rodear de todos los respetos²⁷.

A Nosa Terra concreta as acusacións formuladas por Eladio Rodríguez: a) “*El Noroeste* e *La Voz de Galicia* [...] pretendieron desviar a custión decindo que era unha trama urdida na nosa Irmandade contra o prestixio da Academia”; b) “dixo *El Noroeste* que no número de *A Nosa Terra* do 1º de Xunio de 1923 atacábamos ao Sr. Martínez Salazar, e copiaba d’un artigo encol do seu nomeamento de presidente o que millor lle conviu”; c) “Coidando, inocentemente, molestarnos, dixo de nós que somos intransixentes e dogmáticos no que respeita ao amor a Galicia”²⁸.

Por outra parte, dábase a circunstancia de que *A Nosa Terra* se imprimía no obradoiro de *El Noroeste*; segundo afirma o voceiro irmandiño, o xerente daquel periódico, José García Acuña, revisa os orixinais de *A Nosa Terra* antes de proceder á impresión e intima ós redactores a retiraren os artigos sobre a Academia²⁹. Consecuentemente, *A Nosa Terra* trasládase de imprenta e recrúa as críticas contra *El Noroeste* e contra Eladio Rodríguez. Afirma *A Nosa Terra* que Eladio Rodríguez atende, por enriba de todo, á súa comenencia, que é, sosteñen, “a de mangonear ao seu antoxo na Academia, cousa que podería facer tendo na presidencia a un inocente e inédito en cousas de Galicia; mais non así se aquel posto fose ocupado por algún outro académico que lle non permitise facer o que se lle antoxara”³⁰. Nega *A Nosa Terra* ter parte na Carta dos Trece e aplaude entusiasticamente a actitude dos autores. Finalmente, *A Nosa Terra* afirma que, se en

lugar de propoñer a Ponte Blanco, o proposto fose Eladio Rodríguez, “non houbera pasado o que pasou, porque o Sr. Rodríguez González téñ indiscutibles méritos d’abondo xá que de todos é sabido que é un dos nosos poetas en lingua galega, algunhas de cuías poesías teñen honrado as páxinas de *A Nosa Terra*”³¹.

O 31 de marzo de 1924 ten lugar a elección do presidente, cuestión que parece interesar máis fóra que dentro da Academia. Á sesión acoden só seis numerarios da Coruña, que levan a representación doutros once. Eugenio Carré e Francisco Ponte Blanco non están presentes nin representados. Emítense 17 sufraxios, co seguinte resultado: Francisco Ponte Blanco, 13 votos; Eugenio Carré Aldao, 2 votos; Félix Estrada Catoyra, 1 voto; en branco, 1 voto. Queda proclamado presidente, por maioría absoluta dos votos, Francisco Ponte Blanco³².

Galicia, diario de Vigo, dirixido por Valentín Paz-Andrade, fai un chamamento ós intelectuais para que desautoricen publicamente ó novo presidente:

La Academia de la Lengua Gallega es un organismo que ha llegado al mayor grado de decadencia y de envilecimiento, ahora, cuando se siente más imperiosamente la necesidad de su labor, de su colaboración sancionadora al triunfal renacimiento que en la literatura gallega se ha iniciado.

Es, pues, llegado el momento de volver por el prestigio de la Academia Gallega, arrojando de ella a los que por malas artes la han asaltado.

Hay que echar del templo a los mercaderes, sean del linaje que sean.

Nos vemos obligados a someter el caso a la meditación de los intelectuales gallegos, académicos o no académicos, para que digan si ha llegado la hora de decidirse a una actuación pública, que haya de dar al traste con lo que erigió en mal hora, la desaprensión y la inepticia.

Estimamos que una entidad representativa de la cultura regional -el Seminario de Estudios Gallegos, por ejemplo- debe recoger la iniciativa que a voleo sembramos, y provocar una reunión de escritores, una asamblea de hombres de letras gallegos, que desapasionadamente enjuicie el nombramiento del Sr. Ponte y Blanco para presidente de la Academia, y lo desautorice públicamente³³.

Como vemos, *Galicia* redunda na consideración da Academia como unha academia da lingua, cousa que a Galega non é nin parece querer selo. Polo que respecta á *Nosa Terra*, o órgano irmandiño radicaliza a súa postura e pide a clausura da institución:

Tiñamos mentes de facer algunha proposición referente á reforma do regramento. Mais non é preciso xá. Agora pedimos como primeira medida a clausura definitiva da Academia por noxenta, ridícula e antigalega ademais de ser unha coveira de caciques que valéndose dos cargos que ocupan no Consello directivo, veñen facendo, as espaldas dos

demais Académicos, cantas cacicadas se lles ocorren e póñemos como exempro o da designación do Sr. Ponte Blanco, cousa que, como decimos mais arriba, foi amañada pola direitiva que exercen os Sres. Rodríguez González, Estrada Catoyra e o mesmo Ponte Blanco a quenes acusamos de seren eles os que remataron co pouco prestixio que xá lle iba quedando á pobre Academia. ¡Se o gran Curros erguérase da súa sepultura!³⁴

A Presidencia (1926-1934)

Tras a morte de Ponte Blanco (22-7-1926), só un nome se perfila como posible para a presidencia da Academia: Eladio Rodríguez González. O seu probado amor á lingua galega, por unha parte, e, por outra, a súa ideoloxía tradicionalista e conservadora, unidas a unhas calidades persoais de honradez, modestia e desexo de complacer a todos, fan del o candidato de conciliación que precisa a Academia. Algúns consideran, sen embargo, que o carácter dócil de don Eladio non se avén coa tarefa presidencial. O articulista de *El Faro Coruñés* resume así a cuestión:

Don Eladio Rodríguez y González, hoy Secretario de la Academia, es sin disputa el candidato de todos, como el primer poeta costumbrista y descriptivo de Galicia, periodista de abolengo y entusiasta de la literatura regional, autor de un diccionario en el que trabaja hace quince años, pero el señor Rodríguez y González con una modestia que lo ensalza comprende que, por excesiva benevolencia no sirve para mandar, pues todos obtienen de él lo que quieren, y además, carece de aquella independencia necesaria para imponerse cuando las circunstancias así lo aconsejan, y es lástima, porque sería un presidente insustituible³⁵

Co apoio explícito do sector máis conservador da Academia, liderado, nesta ocasión, polo erudito presbítero Marcelo Macías, Eladio Rodríguez presenta a súa candidatura á presidencia. Hai testemuños que indican certa reserva por parte dalgúns colegas, á cabeza dos cales se situaría Eugenio Carré, presidente interino. Escribe Manuel Amor Meilán a Eladio Rodríguez:

Por cierto que según me escribió don Félix [Estrada Catoyra], Carré se muestra reacio a convocar la junta para la elección presidencial. Desde luego lo sospechaba. Han de agotar todos los plazos y no rendirse hasta el último momento. Es lástima, por el espectáculo que se da a los mismos Académicos que ven dilatarse la elección sin motivo ni justificación alguna, ya que ellos no tienen candidato posible ni viable. Pero, en fin, estamos ya en el tercer mes de la interinidad y pocas pueden ser ya las *malas fadas*, como dicen nuestros aldeanos (2-9-1926)³⁶.

Mais os galeguistas, facendo da necesidade virtude, aceptan a candidatura de don Eladio e preséntana como un triunfo propio. Esta é a postura que expresa Antón Villar Ponte, daquela académico electo, no seu artigo “O que foi e o que ten de ser a Academia Gallega”:

E poido decirvos con intema satisfaição que o que vai ser elixido presidente da Academia agora, merece selo. O presidente, según os estatutos pol-os que se rixe a douta corporación, ten que radicare na Cruña. E na Cruña, oxe, somentes habia entr’os académicos de número dous en verdadeiras condicións; quere decire, conoedores do galego e amantes do galego: Lugris Freire e Eladio Rodríguez González. E o segundo, porque eisi o quer a mayoría dos *inmortaes*, vai á presidencia. Con el romatará a absurda paradoxa, en ningures rexistrada, e soilo na Galicia posibre, de que poidera presidire un organismo encarregado de limpiar, fixar e dar esplendor a un idioma, un individuo que nin coñecía ese idioma e se avergoñaba d’ouvido falar a alguns académicos. Velahi un trunfo novo do galeguismo³⁷.

A elección vérifícase o 20 de novembro de 1926 e Eladio Rodríguez é elixido presidente da Academia Galega co voto unánime dos seus colegas e co aplauso de toda Galicia. A adhesión á súa persoa tanto como a debilidade que vén acusando a institución, son causa de que varios numerarios de fóra acudan persoalmente á Coruña para votalo, feito insólito, ata entón, nos anais académicos³⁸. *La Voz de Galicia* trae á súa primeira páxina unha fotografía da digna asemblea (23-11-1926). Desde Buenos Aires, *Céltiga* saúda ó novo presidente (25-12-1926). *Nós* gábase de que o poeta de “Orballeiras” presida a Academia, que, pola súa iniciativa, vai principiar unha nova vida de actividade e de traballo (15-1-1927). *A Nosa Terra* consagra unha páxina enteira á Academia, cualificando a Eladio Rodríguez como o primeiro presidente verdadeiramente enxebre:

En D. Eladio Rodríguez González danse tres cualidades escelentes, moi necesarias no honroso posto que acaba de se lle concedere: a de sere home serio e seréio; a de non ter enemigos e a de sabere falar o galego. A de sabere falalo, e a de cultivalo e estimalo, coma o millor tesouro da nosa raza. N’este senso o seu nomeamento pareceunos moi axeitado. Porque nós coidamos que xa con este precedente e de hoxe en diante, non debe de se tolerare que quen presida a Academia Galega, poida, non soio descoñecer a nosa lingua, senon incluso avergoñarse d’ouvida falare, téndoa por cousa inferior, que académicos houbo e hai aínda de tan ausurdo e paradóxico xeito. D. Eladio Rodríguez González é, pois, o primeiro presidente da douta corporación verdadeiramente enxebre. E ó velo elixido, decimos, coma de cote, que non abonda xa para ocupare aquel posto, ter un prestixio inteleutual ou social. Percísa tamén enxebreza, fé de bautismo galeguista³⁹.

Moi axiña, Eladio Rodríguez decátase de que a súa elección xerara moitas máis expectativas das que se sentía capaz de cumprir. Neste estado de ánimo, escribe unha emotiva carta a Otero Pedrayo, que é, en parte, un grito de auxilio:

Choven enriba de mín, a centos, as felicitaciós; pero hai en todas elas tales gabanzas e tales esperanzas; de tal maneira me erguen, me confortan e me obrigan, que xa comenzo a ter medo, non pol-o meu fracaso, que eso non lle importa a ninguén, senón pol-o desengano que o meu fracaso siñificará pra vostedes, prá Academia e pra Galicia. Por eso, por cariño â Academia e á Galicia, eu dígolle a vostede e dígolle a todos: ¡Axúdenme, por Dios, que senón, toleo! (27-11-1926. Epistolario, III.1)

O certo é que Eladio Rodríguez accede á presidencia sen ter redactado un programa que poidan consensuar ou pactar os académicos. O que guía ó novo presidente non é un programa definido de actuación senón unhas cantas ideas elementais e pouco precisas. Ante todo, abordará o preito da secretaría, que acaba de deixar vacante. Xa nos meses da interinidade, Eladio Rodríguez expuxera a necesidade de contar nese posto con alguén da súa confianza, e fixera circular os nomes de Fernando Martínez Morás e de Antón Villar Ponte (ambos e dous académicos electos, pendentes, polo tanto, de leren o discurso). A alternativa é sorprendente, en principio, pois os dous individuos encarnan ideoloxías opostas, pero por iso mesmo expresa moi ben o talante integrador de Eladio Rodríguez. Fernando Martínez Morás é fillo de Andrés Martínez Salazar, a quen don Eladio venera e, neste sentido, simboliza a continuidade cos fundadores. (Todas as Academias, e a Galega non é excepción, propenden a facer hereditarios os seus cargos). Mentres que Martínez Morás é un representante do que entón se chamaba “el regionalismo sano y bien entendido”, Antón Villar Ponte, ocioso é dicilo, é o fundador das Irmandades da Fala, o home do cal Castelao dixo que significaba, para el, a orixe do galeguismo. Se Martínez Morás coñecía moi ben o funcionamento da Academia (pertencía a ela desde a fundación, primeiro como adxunto, despois como correspondente), Villar Ponte dinamizaría a institución e o seu nomeamento satisfaría ós galeguistas intra e extramuros da Academia. Mais os partidarios de don Eladio non están dispostos a apoialo, preocupados ante “la invasión de los nacionalistas en la Academia”. Esta é a opinión de Manuel Amor Meilán: “Con decirle a V. que Indalecio [Varela Lenzano] es, por afinidad, algo pariente de Fernando [Martínez Morás] y que el mismo Maciñeira se muestra desconfiado ante la invasión de los *nacionalistas* en la Academia (Lugrís, Banet, Risco, Cabanillas, Villar Ponte, etc.) creo que es lo bastante para convencerle de que hay que emplear mucho tacto en este asunto” (carta cit., 2-9-1926).

Decidida a cuestión en favor de Martínez Morás, este é recibido na Academia o mesmo día da elección presidencial. O seu discurso versa sobre a toponimia galega, e está redactado en castelán, como en castelán está redactada a resposta de Eladio Rodríguez

en nome da Academia⁴⁰. Era o primeiro acto público do novo presidente. Conforme ó previsto, o 18 de xaneiro de 1927 Fernando Martínez Morás é elixido secretario.

Resolto o cal, Eladio Rodríguez propónse restablecer a orde e facer entrar á Academia por unha ruta de seriedade: cubrir as vacantes que ocorran, obrigar os electos a ingresaren nos prazos estipulados, exonerar do seu cargo ós incumpridores. En poucas palabras: cumprir e facer cumprir o regulamento. Na práctica, Eladio Rodríguez será incapaz de aplicar a norma da exclusión, prevista nos Estatutos. De aí que consuma boa parte das súas enerxías en xestións e cartas suplicando que os electos lean os seus discursos.

Cando Eladio Rodríguez accede á presidencia, hai dezaseis numerarios electos pendentes de leren o discurso de ingreso. Durante o seu mandato, elíxense sete membros máis. Pois ben, dos vintetrés electos, unicamente seis ingresan durante a presidencia de don Eladio: Fernando Martínez Morás (20-11-1926), Ángel del Castillo (18-3-1927), Julio Dávila (30-8-1927), Vicente Risco (23-2-1929), Ramón Otero Pedrayo (9-12-1929) e José García Acuña (15-11-1932)⁴¹. Dos dezasete restantes, nove ingresaron con posterioridade, a maioría despois da Guerra Civil; outros oito nunca se incorporaron á Academia, entre eles, individuos tan valiosos como Armando Cotarelo e Roberto Nóvoa Santos (ausentes de Galicia) e Alejandro Rodríguez Cadarso (falecido sen tomar posesión).

Pero a defección máis lamentada é, acaso, a de Antón Villar Ponte. Como acabamos de lembrar, en 1926, Villar Ponte publica o célebre artigo “O que foi e o que ten de ser a Academia Gallega”, no que deseña unha liña de traballo entusiasta para a douta Casa. Canto ós obxectivos inmediatos, Villar Ponte declara: “A Academia agora vai a se remozare. Agora entrará n’ela xente nova: Risco, Cotarelo, Castillo, Martínez Morás e mais eu. Axiña se lles procurará entrada a Otero Pedrayo, Castelao, Cuevillas e outros. Con estes elementos e con algúns bos -bos no senso galeguista -que xa hai nela coma Lugris Freire, o veterán do enxebrismo, Eladio Rodríguez González, Cabanillas, Banet Fontenla, etcétera, as cousas, coidamos que camiñarán por millores vieiros”. Mais o feito é que Villar Ponte non traspón a súa condición de electo ata 1934, cando xa Eladio Rodríguez deixara a presidencia.

Outra cuestión urxente é a económica. As contribucións das Sociedades Protectoras na emigración vense considerablemente diminuídas, cando non suprimidas por completo, e a Academia a penas dispón máis que dunha subvención estatal de 5.000 pesetas anuais. Na xunta ordinaria do 18 de xaneiro de 1927, Eladio Rodríguez anuncia o seu propósito de realizar xestións con todos os concellos de Galicia, “no solo para proporcionar a la Academia medios económicos que precisa para cumplir su misión cultural, sino para conseguir que esta institución se vea moralmente asistida y apoyada por las representaciones municipales de la región”. Consta que Eladio Rodríguez se dirixiu ós concellos de Ourense, Ribadavia e Leiro, provincia, partido xudicial e municipio do seu

nacemento, os cales outorgaron á Academia unha subvención anual de 200, 25 e 20 conmovedoras -e agradecidísimas- pesetas, que se elevarían ó ano seguinte a 775 pesetas. Así mesmo, Eladio Rodríguez trata de achegar recursos para a sección de Arqueoloxía da Academia, dirixida por Ángel del Castillo. E, no mesmo eido de melloras materiais, o presidente solicita -infructuosamente- a cesión de novos locais, no edificio da Capitanía, para o Arquivo Histórico de Galicia e para a Academia Galega, instalada ó presente en “dos salas [...] en las que apenas si pueden albergarse los 13.0000 volúmenes de su especializada y visitadísima Biblioteca ni cabe realizar trabajo alguno”⁴².

En canto á orientación xeral da Academia, Eladio Rodríguez é consciente de que as disciplinas históricas teñen absorbido as tarefas da corporación e de que cómpre corrixir ese rumbo. Na carta antes mencionada, Amor Meilán suxire a don Eladio unha serie de actividades “para demostrar que la Academia no es exclusivamente histórica”. Entre elas, propón a celebración dun Día da poesía galega, que preludia o actual Día das Letras:

Creo que una de las primeras cosas que V. puede hacer desde la Presidencia, para demostrar que la Academia no es exclusivamente histórica, es establecer el *día de la poesía gallega*, que pudiera ser el aniversario de la muerte de Rosalía. En ese día podría celebrar anualmente la Academia una fiesta o velada exclusivamente poética, dedicada a los poetas que *han sido*, consagrando la del primer año, por ejemplo, a las poetisas (Clara Corral, Avelina Valladares, Filomena Dato, y aun a las que escribieron en Castellano: Concepción Arenal, Narcisa Pérez Reoyo, Emilia Calé, la Pardo Bazán, etc.

También podrían consagrarse solemnes veladas en los centenarios de los gallegos ilustres fallecidos (en 1927, Francisco de la Iglesia, en 1928, Remigio Caula, en 1929 Fr. Tomás de Lemos, etc.). Ya ve V. que puede airearse un poco la querida institución (carta cit., 2-9-1926).

Non prospera o Día da poesía galega, pero o calendario conmemorativo é acollido con agrado. A prensa infórmanos de que “la Academia Gallega se propone recordar a la atención pública, en sucesivas oportunidades, figuras de la literatura, la ciencia y el arte regionales poco conocidas u olvidadas de la actual generación, realizando así una misión divulgadora en consonancia con su misión cultural”⁴³. En efecto, a Academia organiza veladas literarias no centenario de Francisco de la Iglesia (15-2-1927)⁴⁴ e no cincuentenario de Benito Vicetto e de Francisco Añón (25-5-1928)⁴⁵. Así mesmo, con motivo do centenario de Murguía (1933), a Academia promove a erección dun busto do Patriarca na Coruña, e outros actos e publicacións⁴⁶. E, coa vista posta no centenario de Pondal (1935), Eladio Rodríguez confía a Manuel Lugrís e a Eugenio Carré a edición das poesías inéditas do Bardo (7-3-1927)⁴⁷.

A produción bibliográfica deste período céntrase no *Boletín* corporativo, que apa-

rece a bo ritmo nos primeiros anos (uns dez números anuais entre 1927 e 1929) para reducirse despois sensiblemente (cinco e seis números, respectivamente, en 1932 e 1933). De maneira xeral, o *Boletín* manifesta o pulo da sección de Arqueoloxía da Academia, dirixida por Ángel del Castillo, que realiza un labor de inventario, catalogación e estudo dos monumentos máis interesantes de Galicia. Tamén cómpre destacar o número extraordinario conmemorativo do vintecinco aniversario da Academia (*BRAG*, XX/235-240, 1-10-1931), cunha crecida nómina de colaboradores -trinta e tres, en concreto- e artigos en castelán (vintetrés), galego (oito) e portugués (senllas colaboracións de José Leite de Vasconcelos e José Joaquim Nunes).

Pero a tarefa máis ardua será a xestión do monumento a Curros Enríquez, que a Academia tiña encomendada desde 1908. Eladio Rodríguez organiza o concurso público de proxectos, deserto na primeira convocatoria (1927) e na segunda adxudicado a Francisco Asorey (1928)⁴⁸. A erección do monumento pasa por unha chea de dificultades económicas e de toda índole: trámites para o cambio de localización, enfermidades do escultor, folgas de operarios...⁴⁹ Despois de varios anos, xa fixada a data da inauguración, e anunciada para o día 13 de agosto de 1933, Eladio Rodríguez vese obrigado a desconvocala, quedando aprazada *sine die*⁵⁰.

Mais en canto ó esencial, que sería o uso e promoción social e cultural da lingua galega, non percibimos ningún propósito de cambio. O idioma da Academia Galega seguirá a ser o castelán: en castelán fálase nas sesións de traballo; en castelán prodúcense as intervencións públicas e en castelán redáctanse todos os documentos, as actas, a correspondencia e a sección oficial do *Boletín*. E polo que se refire á codificación da lingua galega, principal estatuto da Asociación Iniciadora, a presidencia de Eladio Rodríguez sáldase cun fracaso: durante o seu mandato suspéndese definitivamente a publicación do *Diccionario gallego-castellano* (1928).

Don Eladio vive días de desesperanza. En 1930, Salvador Cabeza de León, académico e presidente do Seminario de Estudos Galegos, anímao a proseguir:

Comprendo la situación de ánimo de V.: las jefaturas, además del trabajo que imponen, traen de cuando en vez *satisfacciones* del género de las que está V. pasando. Hay que dejar pasar los chubascos y aun los temporales serios, considerando que si no fuese por los que se resignan a sufrirlos (aun sabiendo que no se los agradecen muchas veces), la mayor parte de las obras buenas que suponen desinterés y sacrificio, quedarían en la esfera de las posibilidades, serían entes de razón, jamás encarnados en la realidad. No hay que desmayar, mi querido amigo: adelante y ya el tiempo se encargará de deshacer marañas⁵¹.

A Real Academia Galega ante a República e o Estatuto de Autonomía (1931-1936)

¿Como recibiu a Real Academia Galega a proclamación da República? Non hai Actas nin outros documentos internos que nos permitan sabelo. Como todas as institucións públicas, o douto Corpo adapta o seu título e emblema á nova situación política: a Academia suprime, *de facto*, a palabra “Real” do seu nome e do seu brasón a coroa. En 1934, baixo a presidencia de Manuel LUGRÍS Freire, a Academia buscará a protección do xefe do Estado e presidente da República Española, Niceto Alcalá Zamora, a quen nomeará académico de honra. A inauguración do monumento a Curros Enríquez (11-8-1934), na xestión do cal a Academia tivo parte tan importante, constituíu un gran acto de exaltación republicana. Contribuíu a dar relevo político a esta homenaxe a presenza de Alcalá Zamora, a quen a Academia Galega impuxo a aludida medalla. Sucedía isto cinco meses despois da dimisión de Eladio Rodríguez^{52 53}.

Ó noso xuízo, o feito máis destacado do período republicano é a contribución que a Academia fai, a través do seu presidente, Eladio Rodríguez, ó proceso autonomista de Galicia. En efecto, Eladio Rodríguez é un dos dez redactores do Estatuto de Autonomía (1932), plebiscitado polos galegos o 28 de xuño de 1936. Así, será durante a República cando a Academia estea máis implicada que nunca na vida pública galega e máis que nunca cerca das reivindicacións de Galicia.

O proceso que culmina no plebiscito do 36 é coñecido por todos. Prescindiremos, pois, das etapas previas -nas que está presente, tamén, a Academia-, e partiremos do momento en que, promulgada a Constitución da República (decembro de 1931), existe un marco xurídico para a autonomía. Daquela, o Concello de Santiago, a proposta de Enrique Rajoy Leloup, convoca, para o 3 de xullo de 1932, unha Asemblea representativa dos elementos políticos, administrativos, económicos e culturais de Galicia. Nesta xuntanza, celebrada con gran éxito, désígnase a comisión que se encargará de redactar o anteproxecto de Estatuto e de sometelo a información pública. A comisión redactora está integrada por dez membros, a saber: Salvador Cabeza de León (presidente), Alexandre Bóveda, Manuel Iglesias Corral, Manuel LUGRÍS Freire, Eladio Rodríguez González, Jacobo Arias del Villar, Rodrigo Sanz, Santiago Montero Díaz, Avelino López Otero e Enrique Rajoy Leloup (secretario). Esta comisión preséntase coma un organismo de carácter técnico, razón pola cal os Dez actuarán, teoricamente, a título particular, pero é claro que todos son chamados pola súa pertenza a institucións ou partidos.

A comisión redactora traballa durante o verán, reuníndose as fins de semana, en Compostela, e o Anteproxecto queda concluído o 4 de setembro de 1932. Sometido a información pública, a comisión estudia as emendas presentadas e finaliza o seu labor o 1 de novembro de 1932, día no que poñen a súa sinatura ó pé do dictame os dez redactores. Dictame e proxecto de Estatuto son impresos e circulados por Galicia⁵⁴. A seguir, convócase a Asemblea rexional de municipios, que deberán aprobar o Estatuto, e que

terá lugar en Compostela os días 17, 18 e 19 de decembro de 1932. A Academia Galega non está invitada, aínda que si Eladio Rodríguez, como vocal da comisión redactora. Cómpre advertir que tampouco está chamado a participar o Seminario de Estudos Galegos (aínda que a maioría dos seus membros estarán presentes)⁵⁵.

Neste momento, acentúase a polémica partidista en torno á autonomía e ó liderado da política galega. Xa antes de comezar o seu traballo a Comisión dos Dez, algúns sectores coruñeses expresaran certo malestar polo protagonismo de Santiago de Compostela no proceso estatutario. Cando se divulga o anteproxecto, A Coruña suscita o problema da capitalidade de Galicia. Como sabemos, o artigo 36 do Estatuto outorgaba á primeira Asemblea lexislativa galega a facultade, entre outras, para designar a capital de Galicia. O 24 de novembro, o alcalde da Coruña, Manuel Iglesias Corral, membro da comisión redactora, comunica por carta que defenderá un voto particular no sentido de que non procede tal deliberación, porque a cidade da Coruña ostenta xa na realidade esa condición de capitalidade. A mesma opinión sustentan algunhas agrupacións, a máis belixerante, a denominada “A la Tercera República”. Integrada, entre outros, por César Alvajar, Jesús Mejuto, José María Eirís, Alfredo Suárez Ferrín..., esta asociación tiña por fin “superar la segunda República española, creando una ciudadanía apasionada y actuante de la que surja la Tercera República, la República radicalmente transformadora que hubiera traído la revolución que no llegó a estallar por habersele anticipado el nacimiento legal y pacífico del régimen en las urnas electorales”⁵⁶. Utilizando como arma o célebre artigo 36, o grupo desenvolve unha intensa campaña contra o Estatuto. Ó berro de “Nacionalismo, nunca”, “A la Tercera República” sementa a cidade de propaganda denunciando o Estatuto como obra exclusiva dos nacionalistas, e, entre os seus argumentos, utiliza o feito de que a Academia Galega non está convocada á Asemblea dos municipios.

O 13 de decembro de 1932 as forzas vivas da Coruña celebran unha xuntanza no Pazo Municipal, para expresaren a súa adhesión ó Concello e á Alcaldía. Fan uso da palabra, entre outros, o alcalde, Manuel Iglesias Corral; César Alvajar, membro de “A la Tercera República”; Alejandro Barreiro, director de *La Voz de Galicia*; Manuel Casás, ex-alcalde da Coruña, e Eladio Rodríguez González, presidente da Academia⁵⁷.

En consecuencia, Eladio Rodríguez dirixe unha carta aberta a Enrique Rajoy Leloup, secretario da Comisión organizadora da Asemblea, para anunciar a súa inasistencia:

Es verdad que mi representación en la Ponencia fue simplemente personal; pero no es menos cierto que por muy modesta e insignificante que sea -y lo es- mi personalidad, yo no puedo, ni quiero, ni debo prescindir en ningún acto público de mi condición de presidente de la Academia Gallega; y como esta institución cultural, que había sido invitada a la Asamblea de 3 de julio último, no puede asistir a la de este mes, por haberle puesto el veto las cinco respetadísimas personas amigas que formaron y redac-

taron el Reglamento⁵⁸, entienden mis compañeros de Junta de Gobierno, y yo con ellos, que ante esa desdeñosa desconsideración, el presidente de la Academia no puede dignamente concurrir a un acto para el que no ha sido convocada la entidad que preside.

Bien sabe usted, y bien saben todos, que yo he asistido con la mejor voluntad a las reuniones de la Ponencia; pero ahora, tal como se han desatado las pasiones y se han desabrochado las ambiciones y los egoísmos localistas -algunos de ellos, creo que prematura y excesivamente anticipados con pasquines y anuncios, olvidando que no por mucho madrugar amanece más temprano- me violentaba intervenir con mi presencia en actos públicos llamados a ser lamentable exteriorización de desavenencias, de enconos y aun de odios entre pueblos gallegos, cuando sólo debieran ser expresión de concordia, de armonía, de respeto mutuo y de amor a Galicia y a su autonomía. Por eso yo no podré prestar jamás mi cooperación representativa, ni siquiera personal, a lo que tienda a fomentar rencores entre ciudades que debieran ser hermanas por ser gallegas (s. d. (pero A Coruña, antes do 17-12-1932). Epistolario, II.1).

Na Asemblea rexional dos municipios, celebrada en Santiago de Compostela, os días 17, 18 e 19 de decembro de 1932, estiveron presentes todas as forzas políticas, sociais, culturais e económicas do país galego. O Estatuto foi aprobado polo 77,4% dos municipios, que agrupaban o 84,7% do total da poboación censada en Galicia. En palabras de Castelao, despois dos tres días de discusión, “prodúxose tan enorme entusiasmo que poderíamos ir axiña ao plebiscito coa plea seguridade de gañalo”⁵⁹.

Envolto na reivindicación coruñesista, Eladio Rodríguez non asistiu á Asemblea que elevou a definitivo o proxecto de Estatuto galego, redactado coa súa colaboración. Na prensa do día 20, os parabéns pola futura Autonomía de Galicia comparten páxina coas condolencias pola morte, na Coruña, de Eugenio Carré Aldao (18-12-1932)⁶⁰.

Para terminar este apartado, cremos oportuno reproducir a carta que Enrique Rajoy Leloup dirixe a Eladio Rodríguez, o 22 de decembro de 1932, na que é patente tanto a dignidade do autor coma o seu profundo sentimento autonomista. Di así:

Sr. D. Eladio Rodríguez González

Mi querido amigo don Eladio:

Se explicará Vd. que en estos últimos días, consagrado en absoluto a la causa de nuestra Autonomía, no pudiera disponer de tiempo para contestar sus cartas abiertas y cerradas. Ahora, dominado aún por la emoción que me produjo el triunfo de nuestra obra y por la cordial expresión de gratitud que hizo Galicia, en la inolvidable sesión de clausura, a todos cuantos formamos la Ponencia redactora del Estatuto de nuestra

Tierra ¿qué voy a decirle, querido don Eladio?

Vd., que conocía bien mi intervención en la obra de la Ponencia y la pureza con que todos la realizamos, no tenía derecho a dirigirme esas cartas. En fin: ya todo se desvaneció y sólo me resta significarle cuánto siento que Vd. no hubiera estado presente a la Asamblea. Viviría Vds. [*sic*] unos días emocionales como no los habrá vivido nunca. Aquello fue enorme.

Ya nuestra obra marcha triunfalmente hacia la meta final, desembarazada de los mayores estorbos que se oponían en su ruta. Querido don Eladio. Contribuyamos todos a acentuar la cordialidad entre los pueblos gallegos, y no rompamos nosotros los vínculos de fraternidad que se establecieron durante nuestra callada pero intensísima labor, que es inicio y base de este resurgir de la galleguidad.

Con muy fuertes abrazos, quedo, como siempre, muy cordial y admirador amigo suyo,

E. Rajoy

22-XII-1932⁶¹

○ *Diccionario enciclopédico gallego-castellano e a dimisión (1934)*

○ *Boletín* da Academia Galega correspondente a xuño de 1934 infórmanos de que Manuel Lugrís Freire acaba de ser elixido novo presidente e de que, previamente, Eladio Rodríguez presentara a súa dimisión, con carácter de irrevocabilidade, por motivos de saúde quebrantada⁶². Isto mesmo asegura Ramón Villar Ponte, quen precisa a data da renuncia -4 de marzo-, e isto veñen repetindo mecanicamente desde entón todos cantos teñen escrito sobre don Eladio. Varios indicios, sen embargo, contradicían a razón oficial, incluso os adxectivos que comunmente lle aplican os que o coñeceron: “Era don Eladio un home roxo, forte...”, son palabras que nunca faltan nas descrições do poeta do Ribeiro. A lonxevidade de Eladio Rodríguez, a súa persistencia como funcionario municipal e, sobre todo, o feito de que continuase a traballar no seu amado Diccionario, invitaban a supoñer que a súa saúde era excelente e outros os motivos da súa dimisión.

A solución a este duradoiro enigma encontrámola no epistolario a Casto Sampedro. O 8 de xaneiro de 1934, en efecto, Eladio Rodríguez firma a carta de dimisión como presidente da Academia Galega; a circular, dirixida a todos os numerarios, di o seguinte, nos seus principais parágrafos:

Por prescripción facultativa me ha sido vedado dedicarme a trabajos mentales; y esta realidad superior a todos mis propósitos me obliga y fuerza a dimitir el cargo de Presi-

dente de la Academia Gallega con que benévolamente me habían honrado V. y los demás dignos compañeros.

Dado, pues, mi estado de salud, yo no puedo ni debo seguir ostentando dicho cargo; y al comunicar a V. mi renuncia irrevocable le pido el nuevo favor de que se sirva por su parte admitírmela, ya que después de presentada no puede decorosamente ser retirada (Epistolario, I.6).

Nunha carta particular a Sampedro, do 18 de febreiro do 34, Eladio Rodríguez, despois de se referir ó *Boletín* extraordinario da Academia, número que estaba previsto saíse en 1931 e que en 1934 aínda non rematara de imprimirse, confesa a Sampedro:

Esta lentitud desesperante, esta vida durmiente, y el haberse suspendido el Diccionario desde que yo entré en la Presidencia, es lo que me hace renunciar al cargo, que por ningún motivo volveré a ocupar, pues en el tiempo transcurrido llevo sufrido muchas amarguras y contrariedades en secreto; y ante la inutilidad de mi gestión, y como comprendo que los cargos honoríficos solo deben desempeñarse *con plena satisfacción íntima*; y puesto que esa satisfacción me falta, de ahí mi dimisión irrevocable, tan decididamente irrevocable que *no quiero*, ni puedo, ni debo volver a la presidencia.

E continúa don Eladio:

Perdóneme este desahogo confidencial, pero quiero pasar tranquilo el tiempo escaso que me queda de vida, que es lo único a que creo tener derecho; dedicándome por entero a mi proyectado Diccionario para poner remate a la persistente labor de 30 años que a esa obra vengo consagrando.

Ya comprende usted que la publicación de este Diccionario por acuerdo del Ayuntamiento coruñés, y la suspensión del de la Academia desde que yo estoy en la Presidencia, me ponen en situación crítica, pues parece que esa suspensión se debe a mí cuando es todo lo contrario (Epistolario, I.7).

Velaquí a verdadeira razón da renuncia de Eladio Rodríguez: o compromiso que o Concello da Coruña adquire, en decembro de 1933, para a publicación do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* do que é autor. Por ser descoñecido a todos, transcribimos a continuación o anuncio que deste acordo municipal fai *La Voz de Galicia*:

El “Diccionario Gallego”, de don Eladio Rodríguez

Se aprobó luego una proposición que suscriben el alcalde propietario, señor Iglesias Corral, el accidental señor Suárez Ferrín, y varios concejales, encaminada a que el

Ayuntamiento preste su aval a la publicación del “Diccionario Gallego-Castellano”, formado después de cerca de veinte años de trabajo por el presidente de la Academia Gallega don Eladio Rodríguez González, que es a la par antiguo y destacadísimo funcionario municipal.

La obra del señor Rodríguez González constará de unos cinco volúmenes de buen tamaño y no solo constituye el más completo vocabulario de nuestro idioma vernáculo, sino que es también una pequeña enciclopedia que trata de usos y costumbres, creencias, supersticiones, sintología popular, etc., etc., y un total de refranes que no bajará de veinte mil, comprendiendo asimismo las variantes que muchas de nuestras voces tienen en las diversas comarcas del país.

Para dar cumplimiento al acuerdo municipal se formará una Comisión o Junta Administrativa del Diccionario, integrada por varios concejales y un representante del autor, que determinaría la forma en que ha de serle prestado el concurso del Ayuntamiento, sometiéndole luego al juicio de la Corporación⁶³.

Unha vez que este acordo se fai público, Eladio Rodríguez, que se sente insatisfeito coa marcha xeral da Academia, considera que a publicación do seu Diccionario, unha obra individual, é incompatible, ante os ollos do observador alleo ás interioridades da Academia, coa presidencia desta institución, que ten ó seu cargo a formación doutro Diccionario.

Mais ¿cales son, en efecto, as causas da suspensión do Diccionario da Academia? Non podemos entrar en detalles sobre a historia miúda do Diccionario corporativo -que ten sido obxecto de varios interesantes traballos⁶⁴, pero si debemos referirnos ós motivos últimos da súa suspensión, en canto iso poida atinxir á boa fama de Eladio Rodríguez. Como apuntabamos ó principio, o *Diccionario gallego-castellano* editado pola Academia entre 1913 e 1928 é obra dun só redactor, o académico correspondente e bibliotecario César Vaamonde Lores. En 1911, César Vaamonde é comisionado pola xunta directiva, que preside Murguía, para redactar os borradores das papeletas do Diccionario, os cales, agrupados por cadernos, pasarían a poder dos académicos para que os examinasen e, finalmente, se discutisen e sancionasen pola corporación en pleno⁶⁵. Mais as *Actas* non mencionan tales discusións plenarias a propósito de ningún dos vinte e sete cadernos publicados⁶⁶. O cal invita a inferir que, na práctica, Vaamonde pasou de redactor único a único autor, baixo a supervisión da xunta de goberno (é dicir: de Murguía), e que todos os demais académicos descansaban no traballo daquel. ¿Por qué, se non, esa falta de referencias ó Diccionario nas *Actas*? Certamente que o Diccionario aparece citado aquí e alá, pero nada que indique un traballo constante e ordenado por parte dos académicos: ningunha discusión lingüística se suscita nas sesións; Vaamonde non é chamado a estas para expoñer e defender as súas escollas léxicas; non se circulan nin examínan os cadernos; non se mantén correspondencia sobre cuestións lexicográficas. Esta

rechamante ausencia do Dicionario nas *Actas* é un dato *ex silentio* que, con outros (incluídas as declaracións, en cartas privadas, de Vaamonde sobre o particular), obriga a pensar que o Dicionario da Academia Galega foi obra exclusiva de César Vaamonde, baixo a supervisión única de Murguía.

Mais o traballo de Vaamonde, realmente abnegado -percibe un salario mínimo e o seu nome non figura na obra-, é lentísimo. Morto Murguía (1923), o ritmo de publicación descende. En 1924, e a proposta de Francisco Ponte Blanco, noméase unha comisión para pular o Dicionario, integrada por Manuel Lugo Freire, Eladio Rodríguez González e Leandro Carré Alvarellos (30-6-1924). A elección, en principio, parece idónea, pois tanto Eladio Rodríguez como Leandro Carré están a elaborar senllos dicionarios individuais, e Manuel Lugo é autor dunha gramática galega. Mais ó instante percíbense as dificultades. Deixando a un lado o feito -que consta documentalmente- de que a presenza de Leandro Carré foi considerada, por algún membro da corporación, como unha intromisión, debido á súa condición de académico correspondente (ou sexa: de non numerario), ¿qué criterios lingüísticos compartían Manuel Lugo, Eladio Rodríguez, Leandro Carré e César Vaamonde? A verdade é obvia, pero hai que dicila: para facer un dicionario cómpre poñerse de acordo nos criterios lingüísticos.

Inactiva ou fracasada esta comisión -e quizais sentíndose, César Vaamonde, desautorizado, ou non plenamente apoiado, pola Academia-, na xuntanza do 22 de maio de 1928, varios académicos presentan unha proposición solicitando, entre outros extremos, que, desde o próximo caderno do Dicionario, o texto da cuberta ou portada apareza redactado nesta forma: “Dicionario Gallego-Castellano por D. César Vaamonde Lores. Por encargo de la Real Academia Gallega”. O cambio era transcendente. De aceptalo, a Academia pasaría de editar un dicionario institucional, que se supoñía representaba a opinión consensuada de todos os seus membros, e, polo tanto, tiña un valor normador do idioma, a avalar, coa súa *auctoritas*, un dicionario individual, froito do traballo persoal e do criterio dun académico correspondente. Consciente da transcendencia que este cambio suporía, Eladio Rodríguez solicita que a proposición quede sobre a mesa para que a estudien todos os numerarios. Despois de case sete meses de consultas, na reunión do 12 de decembro de 1928, dáse conta das cartas e escritos recibidos, e, posta a votación, a proposición apróbbase por 13 votos a favor e 6 abstencións⁶⁷. Tamén se acorda quede extinguida a comisión do Dicionario nomeada o 30 de xuño de 1924. Así pois, a Academia Galega confire plena autonomía a César Vaamonde Lores para que prosiga o comezado Dicionario. Non obstante o acordo adoptado, non se publicará ningún novo caderno. Non nos é posible explicar esta contradicción. Quizais César Vaamonde esperase a confianza unánime da corporación, en lugar da maioría que obtivo; quizais agardase un apoio máis explícito por parte da xunta de goberno.

Dito todo isto, é evidente que a suspensión do Dicionario se viña xestando desde a fundación mesma da Academia. En efecto, desde o primeiro momento todo coopera-

ra ó seu fracaso: a falta de preparación filolóxica dos fundadores, na súa maioría, eruditos competentes en disciplinas históricas; o absentismo dos académicos (as Actas son demoledoras a este propósito); a falta de método coa que se aborda a tarefa lexicográfica; a escasez dos recursos económicos, que impide contratar copistas, redactores, etc. Ó noso xuízo, o abnegado labor de César Vaamonde permitiu a Murguía adiar o fracaso, pero o edificio fallaba pola base. Dada a marcha da publicación -investíronse quince anos para dúas letras e o comezo da terceira-, a suspensión do Dicionario era inevitable e, simplemente, tocoulle arrostrala á xunta directiva presidida por Eladio Rodríguez. Posteriormente, o 30 de novembro de 1929, acórdase, por iniciativa de varios numerarios (Amor Meilán, Pérez Costanti, Varela Lenzano, Federico Maciñeira, Cabeza de León e Vega Blanco), que a Academia, con preferencia a toda outra empresa, consagre a súa atención á publicación das obras anunciadas, reanudando a publicación do Dicionario. Votada favorablemente pola maioría -incluído o presidente, Eladio Rodríguez, a proposta non terá traducción práctica.

A finais de 1933, o mencionado acordo do concello da Coruña proporcionou a Eladio Rodríguez a esperanza de ver publicado o seu Dicionario, a obra de toda a súa vida. Ramón Otero Pedrayo evoca, de maneira maxistral, este momento na vida do lexicógrafo:

Houbo un momento de esperanza, case de certidume, pra don Eladio. Maxinou, tiña dereito a maxinar, os volumes podentes e ricaces da nosa obra nas mesas dos eruditos, nas vidreiras das librerías. Aquil día -¡qué cinzas, de quente ollada de fada, houbera acendido pra don Eladio, aquil día, o ceo atlántico- non chegou. Ficarán cecais pra sempre no silencio a xentileza e desintrés de don Eladio, cando xa acordos firmes do Concello da Cruña -por os derradeiros do 1933- aseguraban a publicación...⁶⁸

O epistolario a Sampedro indica que, tras dimitir do seu cargo, Eladio Rodríguez desexa consagrarse á derradeira revisión da súa obra. En efecto, o 18 de febreiro de 1934, envía ó arqueólogo pontevedrés as primeiras galeradas do Dicionario -pois chegou a imprimirse algún caderno⁶⁹-, para que este lle dea a súa opinión, sempre agradecido, don Eladio, ó libro da Confraría do Corpo Santo, editado por Sampedro. Así mesmo, o autor anuncia que as letras A e B ocuparán o primeiro tomo dunhas 700 páxinas. ¡Mágoa non o puidese ver impreso!

Descoñecemos se, a partir desta data, Eladio Rodríguez seguiu a participar nas reunións da Academia -non hai Actas do período-, mais si cóstanos que está presente nos grandes momentos da vida académica, coma as recepcións de Antón Villar Ponte e de Castelao, celebradas a véspera e o Día de Galicia de 1934, respectivamente. En 1935, asiste ós actos conmemorativos do centenario de Pondal, celebrados na Reunión de Artesáns. Así mesmo, o 13 de marzo de 1936 acode á recepción de Manuel Casás Fer-

nández. Esta ten lugar xa baixo a presidencia accidental de David Fernández Diéguez, pois Manuel Lugo, retirado na casa por crónica doenza, está retirado das actividades corporativas desde agosto de 1935. É este o último acto académico antes da Guerra Civil.

A Academia en guerra (1936-1946)

Producida a sublevación contra o Frente Popular e a República o 18 de xullo de 1936, o día 20 declárase o estado de guerra na Coruña. Tras a detención das autoridades do Frente Popular, A Coruña queda incorporada ó bando sublevado. O día 24 comezan as execucións. O terror instálase na cidade: detencións, ceses, consellos de guerra, “paseos”, fusilamentos.

A Academia Galega non se reúne desde marzo. Vacantes gran número de medallas, mortos ou ausentes varios académicos e nas mans dun presidente accidental, o apoloxista católico David Fernández Diéguez, a Academia vai á deriva. Sen embargo, o patrimonio da corporación queda a salvo, quizais por residir nun organismo oficial, o Pazo Municipal, e a súa biblioteca, integrada, daquela, por uns 16.000 volumes, sálvase da queima. Salvarse da queima non é unha frase feita: o 19 de agosto de 1936 *La Voz de Galicia* publica unha fotografía na que se retrata unha orgullosa escuadra de falanxistas, brazo en alto, ante unha inmensa pira de libros⁷⁰. Despois virían os expurgos sistemáticos, dirixidos, nos diferentes distritos universitarios, por cadansúa comisión depuradora de bibliotecas (Orde da Xunta Técnica de Estado, 16-9-1937).

A penas dous meses despois de iniciada a Guerra Civil, o 15 de setembro de 1936, o presidente da República Española, Manuel Azaña, sanciona un decreto, asinado por Jesús Hernández Tomás, ministro de Instrucción Pública, polo cal quedan suprimidas as Academias dependentes do Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, confiscados os seus bens e cesantes todos os seus membros. Asemade, créase un Instituto Nacional de Cultura, dividido en tantas seccións como academias disoltas, ó que pasarán as fundacións, premios, legados e bens mobles e inmobles destas. Aínda que o decreto só nomea as Academias radicadas en Madrid, parece evidente que o espírito que o anima, expresado na exposición de motivos, concirne a todas:

La honda transformación que está experimentando toda la vida de nuestro país no puede detenerse ante ninguno de los organismos oficiales de la cultura. Esta corriente transformadora obliga a suprimir o modificar radicalmente, en su función, instituciones que, habiendo tenido su razón de ser en otras épocas de la historia de nuestro país, han quedado anquilosadas o no están en consonancia con la marcha de la vida social de hoy. Entre estas instituciones se encuentran, en el terreno cultural, las Academias dependentes del Ministerio de Instrucción pública y Bellas Artes⁷¹.

A Coruña, en zona nacionalista, vive allea ás disposicións legais da República. O 23 de decembro de 1936 falece o presidente accidental da Academia Galega, David Fernández Diéguez, e o cargo pasa regulamentariamente a Manuel Casás Fernández. En setembro de 1937, Fernando Martínez Morás, secretario da Academia, morre nun accidente automobilístico en León, onde estaba destacado como corresponsal de guerra de *La Voz de Galicia*; o presidente Casás convoca a Alejandro Barreiro Noya (5-10-1937), a quen corresponde interinar a secretaría, o cal toma posesión (31-10-1937). A Academia Galega sobrevive, aínda que a súa existencia é puramente nominal.

O 8 de decembro de 1937, a Xunta Técnica de Estado, supremo órgano colectivo do goberno nacionalista con sede en Burgos, promulga un decreto convocando ás Reais Academias a unha sesión plenaria, que se celebrará o 6 de xaneiro de 1938, na Universidade de Salamanca, para formaren, xuntas, un corpo total co nome de Instituto de España:

En homenaje a la veneranda tradición española de colocar la vida doctoral bajo los auspicios de la Inmaculada Concepción de María, se ha escogido el día de hoy para proceder a la convocatoria de las Reales Academias de España, cuyas tareas se encuentran desde tiempo interrumpidas y cuya reanudación es con impaciencia esperada en la España nacional.

El Estado espera de la nueva etapa de actividad de nuestras Academias un gran incremento en las publicaciones científicas e históricas, la publicación de importantes libros y anales periódicos en que se refleje en sus formas más elevadas el pensamiento nacional, atribución que a las Academias será encomendada de otorgar premios nacionales que estimulen al talento en su función creadora, la difusión de tratados didácticos, destinados, no solo a nuestros Institutos, liceos y escuelas, sino a los de todos los países del mundo y en especial a los de lengua española.

En su virtud dispongo:

Artículo primero. El día 6 de enero de 1938 y en el paraninfo de la Universidad de Salamanca se reunirán nuestras Academias en sesión solemne. Esta zona comprenderá conjuntamente las Academias de la Lengua Española, de la Historia, de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales, de Ciencias Morales y Políticas, de Bellas Artes de San Fernando y de Medicina, las cuales conservarán en lo sucesivo el título de Reales en alusión a su origen histórico y formarán juntas un cuerpo total con el nombre de Instituto de España, cuyos detalles de organización y atribuciones se especificarán en disposiciones reglamentarias [...]72

Ademais de ordenar a reunión das Academias, ás que, como vemos, se devolve o título de Reais, e a creación do Instituto de España (art. 1º), o decreto dispón que, previamente, se procederá á reorganización de cada Academia por un comité (art. 3º) e

que, tras a reunión plenaria en Salamanca, cada unha delas se reunirá por separado, consagrándose ás súas tarefas (art. 2º).

A constitución oficial do Instituto de España fíxose mediante decreto do 1 de xaneiro de 1938. O artigo 1º explica que recibe o nome de Instituto de España “el conjunto de los académicos numerarios de las Reales Academias Española, de la Historia, de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales, de Ciencias Morales y Políticas, de Bellas Artes y de Medicina reunidos en Corporación Nacional a título de Senado de la Cultura Española”. A Mesa, ou xunta directiva do Instituto, está composta polos seguintes membros: presidente, Manuel de Falla; vicepresidente, Pedro Sainz Rodríguez; secretario perpetuo, Eugenio d’Ors; chanceler, Pedro Muguruza; secretario de publicacións, Vicente Castañeda; bibliotecario, Miguel Artigas, e tesoureiro, Agustín González de Amezúa (art. 8º). Asemade, désígnase ou confírmase o presidente de cada Academia: Pemán, para a Española; o Duque de Alba, para a da Historia; Romanones, para Belas Artes, etc. (art. 9º).

Mentres na fronte de guerra se libra a batalla de Teruel, o 6 de xaneiro do 38, conforme ó previsto, celébrase no paraninfo da Universidade de Salamanca a sesión plenaria das Academias reunidas no Instituto de España. Preside o xeneral Gómez Jordana, en representación do xefe do Estado. Abre a sesión o secretario perpetuo, Eugenio d’Ors, quen le a memoria regulamentaria da súa constitución. A seguir, o vicepresidente, Pedro Sainz Rodríguez, pronuncia un discurso sobre a misión do Instituto na tarefa de restaurar a unidade histórica de España: “Por eso este Instituto es unidad. Unidad en la inteligencia, unidad en la tarea y unidad en la conciencia moral de nuestro pueblo. [...] Somos los encargados de trazar las trincheras del pensamiento para que la muerte que todos los días mata a este pueblo español, que ha sabido sublevarse por su tradición, no sea infecunda en las trincheras de la guerra”⁷³. Tras estas palabras, ten lugar o (re)ingreso dos académicos, de acordo cun fantástico cerimoniais: os aspirantes van pasando ante a mesa presidencial e, poñendo a man dereita nun exemplar dos Evanxeos e mais nun exemplar do *Quijote* (este, coa cuberta ornada co xugo e as frechas), van respondendo afirmativamente a esta pregunta: “Señor Académico, ¿juráis a Dios y ante nuestro Ángel Custodio servir perpetua y lealmente a España, bajo imperio y norma de su tradición viva; en su catolicidad, que encarna el Pontífice de Roma; en su continuidad hoy representada por el Caudillo salvador de nuestro pueblo?”⁷⁴.

Trincheiras do pensamento e trincheiras da guerra. A imaxe utilizada polo intelectual monárquico Pedro Sainz Rodríguez expresa graficamente o obxectivo do Instituto de España: os civís unidos ós militares sublevados queren mostrar, ante si mesmos e ante os ollos do mundo, que a zona nacionalista, aínda que protagonista dunha sublevación militar, ten unha personalidade cultural e que non faltan nela escritores, pensadores e homes de estudio. Os inspiradores do Instituto queren manifestar que a España nacionalista non é sinónimo de barbarie, senón ó contrario: mentres a España republicana suprime as academias, institucións culturais seculares, a España sublevada ocúpase de

reorganizalas. Esta idea explica a creación do Instituto de España en plena guerra, e precisamente no momento en que se libra unha das batallas máis cruentas.

A noticia da reorganización das Academias chega inmediatamente á Coruña. En *El Ideal Gallego*, Corzanes, panexirista do Caudillo, dedica a súa sección “La Coruña al día” á constitución do novo organismo. Corzanes (pseudónimo, segundo cremos, de José Luis Bugallal Marchesi) aplaude a creación do Instituto de España, supremo expoñente da cultura hispánica: “Con ello -resume- queda una vez más cumplido el designio del Caudillo, asombro de actividad y de atención a todos los problemas nacionales, de hacer tarea de paz en pleno fragor guerrero”. Explica Corzanes que o decreto de constitución unicamente alude ás academias nacionais, pero, coñecida a vontade do Caudillo de elevar o nivel cultural de España, fácil é comprender que no Instituto quedan incluídas outras academias de extensión rexional, provincial ou local. A seguir, Corzanes glosa os títulos da Real Academia Galega en termos tan agudos coma estes:

La Real Academia Gallega, cuyas actividades abarcan todas las ramas del saber regional -lengua, literatura, historia, arqueología y ciencias-, sin mengua del indispensable reconocimiento de la unidad nacional -la expresión de su realeza era ya un signo de unitarismo-, cultivaba un galleguismo sano y beneficioso que en vano trataron de falsear los escasos elementos separatistas que en los últimos tiempos lograron infiltrarse en su seno. Su labor, apenas conocida del público, ha sido ventajosísima para la difusión del acervo literario, histórico, artístico y científico de Galicia, y aun de España, merced a las estrechas relaciones que de antiguo mantiene con los más importantes centros culturales de Europa y América. Su Boletín, en el que colaboran las firmas más prestigiosas de la región, llegaba a todas las Academias del mundo, como un eco fiel del saber galaico⁷⁵.

No parágrafo transcrito, Corzanes expón catro ideas simples, pero convincentes: 1) a Academia Galega non é unha academia da lingua; 2) a Academia Galega non vulnera a unidade de España, antes coopera a ela, tanto pola súa tradición de unitarismo, expresada no seu título de “Real”, como pola súa praxe (“...galleguismo sano y beneficioso que en vano trataron de falsear...”); 3) a Academia mantén relacións cos intelectuais e centros culturais de Europa e América; 4) o *Boletín* que publica é un instrumento de propaganda da cultura, que chega, por intercambio, a todas as academias do mundo. Razóns todas catro que condin a marabilla coa política do Instituto de España, ó que o novo Estado confire a misión de orientar e dirixir a cultura e a investigación. Por conseguinte, termina Corzanes apelando ó presidente da Academia Galega para que reorganice urxentemente a corporación e non se repita así o caso, segundo el lamentable, de non poder dar ingreso nela a un heroe coma o comandante Barja de Quiroga, xefe da bandeira lexionaria galega, falecido o 3 de xaneiro de 1938 cando levantaba o cerco de Teruel.

Liberado dalgúns aspectos delirantes, como o de nomear académicos ós militares protagonistas da sublevación, o artigo de Corzanes podería funcionar -e creo que así funcionou- coma un esbozo programático da nova etapa da Academia Galega. Así considerado, no texto reside unha das claves da supervivencia da Academia tras a Guerra Civil. A outra será a habilidade de Manuel Casás para convencer ás autoridades de que a España nova nada ten que perder e si moito que gañar coa Academia.

O 30 de xaneiro de 1938 institucionalízase o réxime do Caudillo coa formación do seu primeiro goberno ordinario. Daquela, Manuel Casás colle as rendas da Academia e, secundado por Alejandro Barreiro, dá os primeiros pasos para a súa reorganización: “Sobreponiéndose a la desconsoladora situación, se imponía trabajar, hacer lo imposible por proseguir la ordenada marcha de este cuerpo literario, de hecho paralizada desde que comenzó la guerra de liberación española, con su azarosa sucesión de inquietudes y turbulencias que anularon las actividades culturales”. Suprimidas ou sen efectividade as subvencións outorgadas á Academia, Manuel Casás diríxese ó novo ministro de Educación Nacional, Pedro Sainz Rodríguez, solicitando se restableza a subvención que o Estado satisfacía á Academia antes da Guerra. No teatro de tanta ruína, Manuel Casás solicita unha subvención para a Academia.

Polas mesmas datas, Casás diríxese ó Instituto de España para que este aclare qué disposicións pensa tomar acerca das academias rexionais e se a Galega debe considerarse incluída no novo organismo. Eugenio d’Ors escribe a Casás fixando a súa posición persoal e a do Instituto:

Nada más lejos de mí ni del ánimo de los elementos que rigen el Instituto, que cualquier obra de absorción, que secase las vivas y libres fuentes de la vida académica local. Por esto ni el Poder público ni nosotros hemos pensado nunca en asumir la tarea que corresponde a dichas organizaciones, algunas de ellas seculares y todas honor de España y de su riqueza de expresiones substanciales. Antes al contrario, en lo que de nosotros dependa, nos ponemos al servicio de su autónoma perpetuación, disponiéndonos a facilitarles cuantos medios se encuentren en nuestras manos, aptos al desenvolvimiento de los cometidos respectivos. En este sentido tenemos el honor de ofrecernos a V. el Instituto de España y su Secretario Perpetuo...⁷⁶

A primeiros de marzo, o presidente Casás convoca os numerarios da Coruña a unha reunión informal. Ademais de Casás e Alejandro Barreiro, asisten Eladio Rodríguez, Ángel del Castillo e César Vaamonde Lores, arquivista-bibliotecario. Este último informa ós reunidos de que faltan documentación e obxectos de arquivo e secretaría do período no que exerceu o cargo Fernando Martínez Morás: “Falta, pues, puede decirse, todo el Archivo de la Academia comprendido desde el año 1927 en que tomó posesión el último Secretario, hasta el año presente de 1938. Es decir, todo el archivo de la Academia durante once años”⁷⁷.

Fixéronse xestións coa familia de Martínez Morás, nada se encontrou. Fácil é imaxinar a amargura de Eladio Rodríguez ó coñecer a noticia, pois a Academia quedaba privada da memoria escrita durante moitos anos, en parte, os do seu mandato, e iso pola responsabilidade de Martínez Morás, a quen el levara á secretaría. ¿Destruíu Martínez Morás a documentación da súa xestión? ¿Ocultou Martínez Morás os documentos nalgun lugar, que nunca se puideron achar? Nunca se soubo. Naturalmente, a desaparición dos documentos ten tido consecuencias negativas perdurables.

Na sesión aludida cambiáronse impresións respecto á necesidade de cubrir as vacantes de numerarios e de xestionar o cobro das subvencións pendentes. A partir de aquí, Casás comeza as súas visitas ó alcalde e ó presidente da Deputación; eleva instancias ó ministro de Educación Nacional e ós presidentes das deputacións provinciais; envía felicitacións, expresa pésames; por certo que un deles vai dirixido ó Caudillo, pola morte do seu irmán o aviador Ramón Franco Bahamonde (27-10-1938), que era académico de honor da Galega (3-4-1926). Manuel Casás pon diñeiro do seu peto, a conta, para pagar algún soldo dos moitos atrasados ó persoal da Academia, reducido a dúas persoas, o bibliotecario, César Vaamonde, e o auxiliar, Juan Naya Pérez.

En febreiro de 1939 o subsecretario de Educación Nacional, García Valdecasas, autoriza á Academia para eximir da lectura do discurso ós numerarios electos antes da guerra, os cales recibirán un oficio equivalente á toma de posesión (22-4-1939). Son: Juan Domínguez Fontenla, Narciso Correal Freire de Andrade, Ramón de Artaza, Lisardo Barreiro, Jaime Solá e Antonio Noriega Varela.

Terminada a guerra civil o 1 de abril de 1939, A Coruña vive quince días de festas, desfiles e homenaxes. A primeira reunión tras a guerra ten lugar o domingo 3 de decembro de 1939 e, no sucesivo, sempre ante un delegado do Gobernador Civil. Asisten Manuel Casás, Alejandro Barreiro, Ramón Otero Pedrayo, Lisardo Barreiro, Ramón de Artaza, Julio Dávila e Ángel del Castillo. Outros varios envían adhesións, entre eles, Ramón Cabanillas. Eladio Rodríguez non comparece. O secretario le unha extensa memoria do actuado pola xunta interina durante a guerra⁷⁸. Ángel del Castillo é nomeado tesoureiro (tomará posesión o 16-12-1939) e son declaradas as vacantes de numerarios (das corenta prazas, hai pouco máis de vinte cubertas).

A Academia ocupa o ano seguinte na proposta de candidatos, que serán votados na xunta ordinaria do 8 de decembro de 1940. Nesta, son elixidos dezanove numerarios: Xosé Filgueira Valverde, Fermín Bouza-Brey, Xesús Carro García, Salustiano Portela Pazos, Atanasio López, Ramón María Aller, Samuel Eiján, Aureliano Pardo Villar, Paulino Pedret Casado, Antonio Couceiro Freijomil, Gonzalo Brañas Fernández, Gonzalo López Abente, Florentino López Cuevillas, Celestino Sánchez Rivera, José Baldomir, Francisco Vales Villamarín, Manuel Vázquez Seijas, Fernando Cortés Bugía e Rafael González Villar⁷⁹. O director xeral de Belas Artes, marqués de Lozoya, libera os electos da lectura do discurso e autoriza a toma de posesión conxunta. Esta cerimonia terá lugar,

en sesión extraordinaria pública, o día 27 de xullo de 1941, no paraninfo da Universidade de Santiago. Previamente, en Bonaval, ante os sartegos de Rosalía e de Brañas, celébrase unha misa, oficiada por Samuel Eiján. Traslada a comitiva á Universidade, presiden o acto o rector, Carlos Ruiz del Castillo, o arcebispo de Compostela, Tomás Muñiz Pablos, e o presidente da Academia, Manuel Casás Fernández. Tamén asisten o alcalde da cidade, marqués de Figueroa; o delegado comarcal de *F.E.T. y de las JONS* e secretario da Universidade, Luis Legaz Lacambra; o comandante militar da praza, Francisco Judel Peón; o abade mitrado de Samos, xuíces de primeira instancia e municipal, deputados provinciais, cóngos, catedráticos, concelleiros, membros dos corpos da gornición e outras delegacións civís e militares. O secretario da Academia, Alejandro Barreiro, dá lectura á Memoria, na que se resalta o labor fecundo da Academia durante os seus trinta e seis anos de vida, consagrados por enteiro a glorificar o nome de Galicia dentro dun puro culto a España, e a importancia desta sesión, adhesión solemne da Academia ós postulados do novo Estado. Seguidamente entran ó estrado os dezaioito novos académicos (Rafael González Villar falecera antes desta data). Fala, en representación de todos, Fermín Bouza-Brey, quen saúda á Academia en nome dos recipiendarios, lendo a seguir o discurso titulado *La mitología del agua en el Noroeste hispánico*⁸⁰. Este traballo é gabado pola prensa como de “excelente corte literario, con bellezas del idioma castellano y recopilación documentadísima de cuanto se relaciona con el folklore”. Contesta, en nome da corporación, o presidente Casás, quen se refire á liña de conducta seguida pola Academia Galega, unida sempre nun amor íntegro a España; lembra que gobernos anteriores lle impediron usar o título de “Real”; alude á necesidade dun auxilio económico para que a Academia continúe os seus traballos, que redundarán en beneficio, particularmente, das investigacións históricas, artísticas, científicas e arqueolóxicas, e une os votos de todos pola grandeza e a gloria de España, terminando con palabras de gratitude e de expresivo sentido patriótico dirixidas ó ministro de Educación Nacional, representado polo rector Ruiz del Castillo. A seguir procédese á imposición simbólica das medallas na persoa de Fermín Bouza-Brey. Clausura o acto o rector, quen “expresa la importancia de una labor unificada, ya que en esta unión es como, en todos los aspectos, nos hemos de salvar con la ayuda de Dios”. Unha salva de aplausos subliñou as palabras do rector Ruiz del Castillo⁸¹.

A penas dez días antes, en concreto o 18 de xullo de 1941, César Vaamonde Lores, bibliotecario da Academia, escribe ó que había de desempeñar un papel central na sesión que acabamos de referir, a Fermín Bouza-Brey, quen lle solicitara copia dalgúns documentos. Na carta, César Vaamonde Lores, que se mostra por completo á marxe do acto que se prepara, fai unha sorte de confesión xeral sobre as súas obras, libros e papeis, sobre o *Diccionario* e o futuro da Academia:

Como no sé si se lo dije alguna vez, me pasé casi toda mi vida escribiendo. Poco para

mí, y mucho para los demás. Desde que tenía 17 o 18 años (no lo recuerdo bien) que fundé en la Coruña la revista *Murmullos Literarios*, hasta el año pasado que creo cerré el ciclo con un trabajo [...], que fue el último, y que trata de nuestra divisa municipal, ¡cuántos trabajos no hice!, y todos perdidos, porque yo casi nunca guardé mis trabajos publicados en periódicos y revistas incuardenables, y así, ni memoria tengo de ellos ni sé de qué trataban. Ni tampoco solía firmarlos. Más de 56 años de labor.

Tengo empezadas veintitantas obras, algunas hace más de 40 años y así se quedarán. [...] También lamento no haber podido terminar de escribir el *Diccionario* que editaba la Academia, que me costó tres o cuatro años de trabajos preparatorios y muchos más para lo que se publicó.

Queriendo asegurar la vida de los manuscritos, regalé algunos muy valiosos a la Academia de la Historia, de Madrid, y el mismo día de su entrega, desaparecieron. Después regalé a la Universidad de Santiago el *Diario de campaña del Batallón Literario*, y a los tres días había volado. Cedí a otros Centros otras cosas y nadie sabe qué fue de ellas. Visto esto, renuncié a hacer más donativos a corporaciones, y los hice a algunos amigos: peor resultado.

Respecto a los libros, no hablemos. Si los conservara todos, tendría una biblioteca de más de 10.000 volúmenes, los más, heredados de mis pasados; los menos, obsequios de amigos. Pero fundé con ellos la biblioteca de marineros de Sada a la que cedí unos 600 volúmenes, *todos referentes a Galicia*. Di a la Academia varios centenares. También a la Sociedad “Amigos del Paisaje Gallego”, y a una biblioteca de Portugal. Hasta a una sociedad [de] trabajadores de la Coruña titulada “La Emancipación” regalé una buena colección cartográfica [...]

Pero mi pensamiento fue siempre el de entregar en otro lugar, al que con mayor entusiasmo y devoción sacrificué la mejor y mayor parte de mi vida, todo lo que respecto a esto poseía y aún me resta, mas visto cómo se pusieron las cosas, no hay que soñar en ello, pues dentro de poco solo de dicho lugar quedará el recuerdo o la inutilidad de su existencia⁸².

César Vaamonde Lores faleceu na Coruña o 1 de xuño de 1942.

A vida da Academia ha tardar moito en normalizarse. En xaneiro de 1942 reaparece o *Boletín de la Real Academia Gallega*. Na presentación do novo número, Manuel Casás lembra unhas palabras de Murguía, fundador e primeiro presidente da Academia: “Unida por entónces Galicia al resto de España, la gloria de ésta son sus glorias, sus reverses suyos también”; e este -conclúe Casás- ha de ser o lema que guíe o noso labor⁸³.

O 13 de decembro de 1942 celébrase a xuntanza anual, de novo en Santiago de Compostela, debido ás dificultades nas comunicacións, que impiden ós numerarios acudir a Coruña. Na sesión, son elixidos por aclamación presidente, secretario e tesoureiro os mesmos académicos que viñeran interinando estes cargos, é dicir, Manuel Casás,

Alejandro Barreiro e Ángel del Castillo. A proposta de Ramón Cabanillas, “se otorgó a esta Junta un expresivo voto de gracias por su intensa labor de reconstrucción, organización e impulso de la Academia en el largo período de angustiosa crisis por que atravesó”⁸⁴. Para facer patente a sincera adhesión da Academia ó novo réxime, o presidente Casás, recollendo a iniciativa esbozada por varios académicos presentes, propón o nomeamento do autotitulado xefe de Estado, xeneral Francisco Franco, como presidente de honra da Real Academia Galega, proposta acollida con satisfacción unánime. O xeneral acepta a designación (24-12-1942)⁸⁵, pero nunca distinguirá á Academia cunha especial protección ou simpatía (a non ser, claro está, que se considere como tal o feito de non clausurala).

Eladio Rodríguez volve á Presidencia (1944)

Inmerso no seu programa de reorganización, en 1943 o presidente Casás crea varias seccións na Academia e invita os numerarios, mediante circular, a manifestaren a cales desexan pertencer. As posibilidades son as seguintes: Ciencias físico-naturais, Ciencias histórico-xeográficas, Arqueoloxía e Belas Artes, Estudos económicos, sociais e políticos, Lingua e Literatura, Estudos pedagóxicos e Comisión do Dicionario. Na sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 1944, dáse conta da relación de académicos e seccións⁸⁶. Eladio Rodríguez González, que non está presente, figura nas de Lingua e Literatura, Arqueoloxía e Belas Artes e Comisión do Dicionario; a esta última pertencen tamén Manuel Banet, Fermín Bouza-Brey, Antonio Couceiro Freijomil, Paulino Pedret e Francisco Vales Villamarín. A maioría destas comisións, se non todas, foron puramente nominais.

En 1944, Eladio Rodríguez, de obra de oitenta anos, será chamado polas autoridades a desempeñar accidentalmente a presidencia da Academia. Vexamos en que circunstancias.

Tras a referida elección da xunta de goberno en propiedade o 13 de decembro de 1942, o día 28 do mesmo mes e ano, o numerario Narciso Correal Freire de Andrade impugna o nomeamento da xunta perante o Ministerio de Educación Nacional, alegando a vulneración da legalidade estatutaria, en concreto do artigo 27⁸⁷. A estraña manobra de Correal, fundada nun argumento legalista, persegue expulsar da directiva a Casás, Barreiro e Castillo e colocar na presidencia a Eladio Rodríguez, con fins ulteriores. Correal consegue que tres académicos asinen, con el, o recurso: Ramón de Artaza, José Baldomir e Xesús Carro García. Os motivos destes son máis difíciles de determinar, e acaso os de Carro sexan distintos e aínda opostos ós de Correal. Na miña opinión, don Xesús Carro debía de crer posible a instalación na Academia dun galeguismo con máis contidos que os asumidos por Casás. Quizais por esta razón secunda a Correal e quizais

por esta razón anuncia ós seus íntimos que votará a favor de Eladio Rodríguez. O cal -cómpre aclaralo- permanece alleo ós manexos de Correal e non ten ningunha intención de presentarse a unha nova elección presidencial.

O Ministerio de Educación tarda en reaccionar, sorprendido no seu propio terreo, xa que se acusa de ilegal un proceso tutelado polas autoridades franquistas: ¿podería darse o caso de que o Caudillo estivese presidindo unha corporación ilegalmente constituída? A asesoría xurídica do Ministerio estudia o asunto e o 16 de maio de 1944 o Ministerio dispón: 1º) a Real Academia Galega depende única e exclusivamente do Ministerio de Educación Nacional; 2º) cesar a xunta de goberno elixida o 13 de decembro de 1942, deixando en suspenso todos os acordos adoptados por esta a partir do 24 de xullo de 1941; 3º) nomear delegado especial do Ministerio ó rector da Universidade de Santiago, Luis Legaz Lacambra, o cal procederá á constitución regulamentaria dunha nova xunta de goberno⁸⁸. Con esta disposición ministerial, as autoridades franquistas deixan tamén en suspenso, curiosamente, o nomeamento do Caudillo como presidente de honor da Academia e o dos dezaioito numerarios que tomaran posesión conxunta en Compostela.

A vida da Academia Galega parálzase novamente. O Goberno Civil da Coruña procede a unha investigación de todos os académicos nomeados antes e despois da citada data. Prohíbense as informacións á prensa e o proceso lévase en absoluto segredo. A xunta cesada expresa a súa protesta pola maneira en que se lles comunica o cesamento, sen lles dar explicacións nin lles facer cargo ningún.

O 19 de xuño, a requirimento de Luis Legaz Lacambra, constitúese a xunta de idade, integrada por Eladio Rodríguez González (presidente), Ramón de Artaza Malvarez (secretario) e Manuel Banet Fontenla (tesoureiro). Nesta primeira sesión, a xunta de idade é invitada a revalidar o nomeamento do xefe do Estado como presidente de honra da Academia e o dos académicos numerarios proclamados na sesión extraordinaria do 27 de xullo de 1941. Estes acordos participáanse ós académicos con data do 30 de xuño (Epistolario, III.2).

A xunta de idade convoca sesión xeral extraordinaria para o 15 de outubro de 1944, con dous únicos puntos na orde do día: 1) elección dos cargos directivos; 2) revalidación da posesión dos numerarios ultimamente nomeados (Epistolario, III.4). (En cambio, non se volverá sobre o nomeamento do Caudillo, pois debe considerarse suficientemente revalidado pola xunta de idade). O día previsto, preside o acto Luis Legaz Lacambra, coa xunta de idade, e asisten doce académicos que levan a representación doutros tantos. Correal, Baldomir e Carro non están presentes nin representados. Efectuadas as votacións, resultan elixidos por unanimidade para os cargos de presidente, secretario e tesoureiro os mesmos que foran elixidos pola Academia e cesados polo Ministerio, é dicir, Manuel Casás, Alejandro Barreiro e Ángel del Castillo. A acta da sesión é enviada a Madrid, con informe e fichas policiais dos elixidos⁸⁹.

Correal, Baldomir e Carro recorren a elección perante o Ministerio. Sobre esta nova actuación, escribe Ángel del Castillo a Xosé Ramón e Fernández Oxea (6-11-1944):

Ya V. habrá visto que hemos sido confirmados en los cargos de la Directiva de la Academia Gallega, por 22 votos, de los 24 Académicos reunidos y representados (en blanco nuestro voto y el del Sr. Artaza), después de la suspensión “decretada” por el Ministerio, a gestiones de... ¡Correal! Ahora resulta que, votados, lo hemos sido, pero... no somos del Régimen y se ha pedido que se manden a Madrid ¡nuestras fichas policíacas! por los Srs. Correal, Artaza, Baldomir y ¡Carro! (¡Incomprensible!)⁹⁰

Con data 15 de febreiro de 1946, o ministro de Educación Nacional comunica ó director xeral de Belas Artes, e este ó presidente da Academia e ós tres académicos en cuestión, a resolución definitiva sobre o recurso mencionado, que é do teor seguinte:

Itmo. Sr.: Visto el recurso que contra la elección de cargos directivos de la Real Academia Gallega ha sido presentado por los señores D. José Baldomir, D. Narciso Correal y Freire de Andrade y D. Jesús Carro García, y considerando que dicho asunto quedó definitivamente resuelto cuando el Sr. Rector de la Universidad de Santiago de Compostela, nombrado a tal efecto Delegado especial de este Departamento Ministerial para proceder a la constitución reglamentaria de la Junta de Gobierno de la Academia, suspendida en sus funciones como consecuencia de un recurso elevado en 28 de diciembre del 42 por los mismos señores Baldomir, Freire de Andrade y Carro, dio cuenta que había cumplido con dicho encargo y que habían sido elegidos para constituir la Junta Directiva los mismos señores que integraban la que había sido suspendida en sus funciones; este Ministerio ha resuelto desestimar el recurso de que se deja hecho mérito⁹¹.

Final

Voluntariamente retirado do traballo corporativo, Eladio Rodríguez non perderá nunca a súa vinculación coa Academia. Así, o día 4 de marzo de 1945 asiste á sesión ordinaria na que se elixe a primeira académica da Galega, a escritora Francisca Herrera Garrido. O 13 de xaneiro de 1946, o vello lexicógrafo asina a proposta para numerario do seu colega e amigo Victoriano Taibo, e o 3 de febreiro seguinte acode á xuntanza na que esta candidatura é votada favorablemente.

Chegamos, pois, ó final do período que nos propuxemos abranguer (1905-1949). Cremos que a presente crónica -ilustrada con epistolario- traza o perfil de don Eladio Rodríguez como académico nos distintos postos de responsabilidade que asumiu na ins-

titución e cremos tamén que nestas páxinas hai datos e textos para mellor coñecermos a historia da Academia Galega no longo período tido en conta. Eladio Rodríguez serviu á institución desde a súa recoñecida modestia e desde o seu carácter bondadoso e conciliador en momentos de grandes tensións e dificultades. Polo que din os especialistas en Lexicografía, don Eladio pasará á historia por ser autor dun extraordinario Dicionario, que empezou a elaborar nos anos en que nacía a Academia. Este Dicionario, tan distinto, na concepción, do primeiro Dicionario académico, é a causa principal da súa dimisión, como presidente, en 1934. Cremos que esta decisión foi tomada con enteira lealdade ás tarefas académicas. Don Eladio Rodríguez deuse á Academia cun alto sentido do deber, o mesmo que aplicou á súa obra lexicográfica, aquela pola que é grande e pola que hoxe o lembramos.

Epistolario de Eladio Rodríguez González¹

I. CARTAS A CASTO SAMPEDRO (1923-1934)²

1. [Cabeceira:] Real Academia Gallega. Coruña. Particular

La Coruña 23 de Diciembre de 1923

Sr. D. Casto Sampedro

Mi distinguido amigo y compañero:

Habiendo transcurrido ya algún tiempo, desde el fallecimiento de nuestro inolvidable Presidente Don Andrés Martínez Salazar, parece oportuno a esta Junta de Gobierno el ir pensando quien deba sustituirle.

No se nos ocultan las dificultades que este asunto trae consigo aparejadas, pues el hecho de no contar en esta capital con personalidades indiscutibles, como lo fueron los Sres. Murguía y Martínez Salazar, hace que la designación del nuevo Presidente sea un poco complicada, pues teniendo, en verdad, todos los Académicos méritos suficientes para desempeñar el cargo, se han iniciado ya gestiones en favor de ciertas candidaturas.

Es de tal transcendencia el buen acierto en la elección Presidencial, que de él depende la vida de la Academia, y así esta Junta, poniendo todos sus anhelos en el bien, pro-

vecho y prosperidad de la Corporación, en el amor a Galicia y a la cultura regional, acordó prescindir por completo de recomendaciones y amistades, y fijándose más en la representación social, tacto y prudencia del individuo, más que en sus méritos literarios, pues éstos por sí solos no bastan para el desempeño de cargos tan trascendentales, si no van acompañados de aptitud y altruismo, igualmente acordó proponer para puesto tan delicado y espinoso, al Sr. Académico Don Francisco Ponte y Blanco.

Es el Sr. Ponte y Blanco en la actualidad, el Tesorero de la Academia, cargo al que fue llevado con el beneplácito y voto unánime de todos los Miembros de la Colectividad, por el Sr. Martínez Salazar, quien conocía a fondo las dotes de inteligencia y abnegación del Sr. Ponte. Esta Academia ocupa una elevada posición social en esta ciudad, goza de grandes prestigios, influencia y actividad, y acaba de ser Alcalde de la Coruña.

La Junta de Gobierno, pues, como mejor conocedora de lo que conviene a la Academia, tiene la obligación moral de orientar a todos sus Miembros, y exponerles noblemente la verdad, por eso no ha dudado ni un momento en la designación del Sr. Ponte y en proponerlo a sus compañeros.

En esta localidad existen solamente ocho numerarios, de los cuales incluimos lista por separado, pues entre ellos he [*sic*] de salir el elegido. La mayoría está conforme con la decisión de la Junta de Gobierno, y si V. se adhiere a ellos, rogámosle se digne votar al Sr. Ponte, cuando la ocasión llegue.

De no ser así, tal vez pudiera surgir escisiones en el seno de la Corporación, y sería un triste espectáculo que éstas se exteriorizaran, pues podrían traer consigo el ridículo y el hundimiento estrepitoso de la Academia, dando al traste en un solo día, con la patriótica obra del inmortal Murguía, y con los esfuerzos y sacrificios que los gallegos emigrados en América se vienen imponiendo desde hace 18 años, para el sostenimiento de esta Institución.

Rogámosle no deje de contestar a la presente, participándonos su opinión en este tan grave asunto, que nunca debió suscitarse, y en espera de la suya nos reiteramos de V. atentos amigos y compañeros

q. l. b. l. m.

El Presidente accidental

Félix Estrada Catoira

El Secretario,

Eladio R.^{ez} González

1 bis. [Nota adxunta]

Numerarios con residencia en La Coruña

Eugenio Carré Aldao
Manuel Lugrís Freire
Francisco Ponte y Blanco
Félix Estrada Catoyra
Evaristo Martelo Paumán
Rafael Pérez Barreiro
Florencio Vaamonde
Eladio Rodríguez González

2. [Cabeceira:] Real Academia Gallega. Coruña. Particular

7 de Enero de 1923³

Sr. D. Casto Sampedro

Mi distinguido amigo y compañero: Permítame que particularmente le moleste con explicaciones reservadas que creo un deber de conciencia dar a V. por el cargo que inmediatamente ostento. Escrita la carta adjunta he vacilado mucho en dirigirle la presente, pero al fin llevado sólo de mi cariño a la Academia, me decido a verificarlo, seguro de que V. encontrará disculpa a estas confidencias y aun quizá las juzgue justificadas.

Con sorpresa y con desagrado hemos sabido que nuestro compañero Don Eugenio Carré Aldao se ha dirigido a varios señores Académicos de fuera de esta localidad -y acaso V. figure entre ellos- pidiendo el voto para ser elegido Presidente. Esta conducta es tanto más extraña, cuanto que a los compañeros de la Coruña, por lo menos a los que constituimos la Junta de gobierno, nada nos ha dicho. Dejo a su criterio la apreciación de tal proceder, que a mi juicio riñe con todas las consideraciones que mutuamente nos debemos.

Juzgo además necesario anticiparme a manifestar a V., para evitar torcidas interpretaciones, que yo no tengo animosidad contra el señor Carré Aldao, a quien admiro, y que no me mueve en este asunto el menor asomo de pasión personal; pero por el interés de nuestra Academia, y mirando a las conveniencias de ésta antes que a los egoísmos individuales de nadie, también me considero obligado a decirle que el señor Carré Aldao

no nos es grato a la mayor parte de los Académicos de la Coruña -y no digo a todos porque no hablé con todos- y a algunos de fuera de esta capital. La causa principal de nuestra actitud es que tampoco era grato a los inolvidables Murguía y Martínez Salazar, cuya memoria es para mí casi sagrada, como creo que lo será también para V., llegando a darse el caso de que el venerable patriarca e historiador le obligase a presentar la dimisión del cargo de Secretario de la Academia.

Perdóneme esta molestia y disculpe esta carta, hija del deseo de que V. esté también enterado de lo que hay en el fondo de este asunto, para poder proceder con verdadero conocimiento de causa; y toda vez la carta que acompaño explica ampliamente nuestro criterio, respecto a quien entendemos que debe ser en las actuales circunstancias el nuevo Presidente, dado que los Estatutos disponen que ha de residir en la Coruña, aprovecho esta ocasión para reiterarme su muy atento amigo y compañero que le saluda y

l. e. l. m.

Eladio R.^{ez} González

3. [Cabeceira:] El Secretario de la Real Academia Gallega. Coruña. Particular

Noviembre 1º 1926

Señor don Casto Sampedro
Pontevedra

Mi respetado y admirado amigo y compañero: Estoy leyendo su obra magnífica, tercer tomo de la Sociedad Arqueológica⁴, que es para mí de un interés extraordinario, por las múltiples palabras gallegas que trae, sobre todo de cosas de mar, y por los curiosísimos datos sobre costumbres y estilos consuetudinarios en lo que se refiere a las artes de pesca. No sé si usted sabrá que estoy hace 16 años haciendo un Diccionario gallego castellano en el que se recogen todas las pasadas manifestaciones de la vida gallega en sus aspectos folklórico, costumbrista, mitológico, supersticioso, etc., etc. Ese tercer tomo me da detalles y vocablos nuevos que yo no conocía; y como no conozco los dos tomos anteriores -pues no los hay en la Academia, y el que estoy leyendo estos días es de la Academia- me permito molestarle rogándole que me dispense el señalado favor de decir si dichos tomos 1º y 2º traen también voces y costumbres gallegas explicadas, y en caso afirmativo indicarme lo que cuestan, pues quiero conservar los tres tomos, si es que los

tres me fuesen útiles para mi objeto, y tan pronto conozca su coste se lo enviaré a usted o a quien corresponda, para poner [sic] tener en mi poder tan interesante obra.

Y aprovecho gustoso esta oportunidad para expresarle mi reconocimiento y mi gratitud por la distinción con que usted me honra concediéndome su representación en las Juntas Generales de nuestra Academia. Por lo que ello tiene de honor para mí, se lo agradezco con toda el alma.

Créame siempre su reconocido amigo y compañero y fervoroso admirador que le saluda y

le e. l. m.

Eladio R.^{ez} González

4. [Tarjeta postal: República Española. Tarjeta Postal]

[M: Coruña, 22 SET 31]

Al Señor Don Casto Sampedro
Redondela
(Pontevedra)

Mi querido amigo y compañero:

He recibido su interesantísimo trabajo para el nuevo Boletín⁵ y al propio tiempo que se lo agradezco me reitero de V. atto. amigo y compañero

q. e. s. m.

Eladio R.^{ez} González

Coruña, 19 de Septiembre de 1931

Muy agradecido por su nueva atención.

Tendremos en cuenta sus observaciones para enviarle las pruebas a corregir y devolverle las fotos de Cabré⁶ y todo lo más que usted desea muy justamente.

5. [Cabeceira:] El Presidente de la Academia Gallega. La Coruña. Particular

8 marzo 1932

Sr. don Casto Sampedro

Mi respetado y distinguido amigo: La enfermedad del Bibliotecario Señor Vaamonde, que tiene de su mano y bajo llave los originales del Boletín extraordinario, me privó de la satisfacción de cumplir su encargo, teniendo que demorarlo hasta ayer que fui a pedirle la llave a su casa.

Tengo, pues, mucho en enviarle las cuartillas y la fotografía que interesa, rogándole me perdone la tardanza.

El trabajo de usted, notabilísimo e interesante como suyo, está sin componer en la linotipia, porque para evitar suspicacias y preferencias, hemos decidido que los artículos y estudios se publiquen por orden alfabético de apellidos para que ninguno de los compañeros se sienta preterido.

Será un libro de muy curiosas notas gallegas, serio, enjundioso en la mayor parte de los trabajos para que lo busquen con interés los amantes de nuestras cosas, como corresponde a la Academia.

Discúlpeme mi demora, tanto más lamentada por mí cuanto mi deseo mayor es el de complacerle para demostrarle así mi gratitud.

Así se lo hice presente al amigo Paulino Sanz y así me complazco en decírselo a usted.

Le saluda con todo afecto y reconocimiento su affmo. amigo y compañero

q. l. e. l. m.

Eladio R.^{ez} González

6. [Cabeceira:] Ayuntamiento de La Coruña. Particular

Enero 8 de 1934⁷

Sr. D. Casto Sampedro
Pontevedra

Mi querido y admirado amigo: Por prescripción facultativa me ha sido vedado dedicarme a trabajos mentales; y esta realidad superior a todos mis propósitos me obliga y fuerza a dimitir el cargo de Presidente de la Academia Gallega con que benévolamente me habían honrado V. y los demás dignos compañeros.

Dado, pues, mi estado de salud, yo no puedo ni debo seguir ostentando dicho cargo; y al comunicar a V. mi renuncia irrevocable le pido el nuevo favor de que se sirva por su parte admitírmela, ya que después de presentada no puede decorosamente ser retirada.

Estoy plenamente seguro de que cualquiera que sea el Académico que se nombre de los residentes en la Coruña, habrá de desempeñarlo con mucho más acierto y con más brillante resultado para nuestra Corporación, a la que yo sólo pude prestar mi buena voluntad y mi buen deseo.

Al participarle esta mi meditada y firme decisión deseo expresarle toda mi gratitud por las reiteradas pruebas de consideración y de afecto que V. me ha dispensado siempre, y cumpla el deber de testimoniarme de nuevo mi reconocimiento, repitiéndome su atento amigo y admirador que le desea las mayores prosperidades en este y en los años sucesivos, a la vez que

l. e. l. m.

Eladio R.^{ez} González

Conste mi sincera gratitud por sus muchas atenciones.

En el Diccionario en proyecto figurarán muchos vocablos desconocidos, gracias a su estimabilísimo libro de la Cofradía del Corpo Santo y Gremio de Mareantes, que ha sido para mí un tesoro. Algunas páginas de su documentada obra van casi íntegras en el Diccionario, pues, por ejemplo, la palabra *atalieiro* es tan interesante y me pareció tan eufónica, que me decidí a extractar todas sus atribuciones.

Figúrese usted por esto y por otras cosas más cuánto y cuán hondo será siempre mi agradecimiento a usted. Un saludo y mucha salud.

7. [Cabeceira:] Ayuntamiento de La Coruña. Particular

18 febrero 1934

Sr. don Casto Sampedro

Mi respetado amigo: Contesto con mucho gusto su última diciéndole que el número extraordinario del Boletín de la Academia debe terminarse pronto, pues los trabajos van por orden alfabético de apellidos de los autores, y el último año, por octubre se ha compuesto ya un artículo mío, y por consiguiente el de usted debe estar en la imprenta y después ya pocas letras quedan. De modo que calculo que no tardará en estar terminado, aun cuando en concreto nada puedo afirmar por mi parte.

Esta lentitud desesperante, esta vida durmiente, y el haberse suspendido el Diccionario desde que yo entré en la Presidencia, es lo que me hace renunciar al cargo, que por ningún motivo volveré a ocupar, pues en el tiempo transcurrido llevo sufrido muchas amarguras y contrariedades en secreto; y ante la inutilidad de mi gestión, y como comprendo que los cargos honoríficos solo deben desempeñarse *con plena satisfacción íntima*; y puesto que esa satisfacción me falta, de ahí mi dimisión irrevocable, tan decididamente irrevocable que *no quiero*, ni puedo, ni debo volver a la presidencia.

Perdóneme este desahogo confidencial, pero quiero pasar tranquilo el tiempo escaso que me queda de vida, que es lo único a que creo tener derecho; dedicándome por entero a mi proyectado Diccionario para poner remate a la persistente labor de 30 años que a esa obra vengo consagrando.

Ya comprende usted que la publicación de este Diccionario por acuerdo del Ayuntamiento coruñés, y la suspensión del de la Academia desde que yo estoy en la Presidencia, me ponen en situación crítica, pues parece que esa suspensión se debe a mí cuando es todo lo contrario.

En fin yo estimo mi dignidad, mi decoro y mi honorabilidad y mi nombre modesto, tanto y de tal modo, que quiero estar siempre exento y a cubierto de toda suspicacia que pueda mancharlo o ponerlo en entredicho lo más mínimo.

Y para que vea las primicias de mi obra le mando esas galeradas por si gusta examinarlas, y por si estima que la forma está bien para que pueda ser algo así como la primera Enciclopedia gallega. El tamaño será el mismo del Boletín de la Academia, y las proporciones no las sé, pudiendo solo anticiparle que la A y la B, solamente, harán el primer tomo de unas 700 páginas a dos columnas. Perdóneme otra vez estos detalles que a lo mejor a usted no le interesan. Un abrazo muy estrecho; mi gratitud más incondicional y mi sincera admiración a usted por todas sus bondades.

Eladio R.^{ez} González

II. CARTA A ENRIQUE RAJOY LELOUP⁸

1. [A Coruña, antes do 17 de decembro, 1932]

Sr. D. Enrique Rajoy Leloup
Santiago

Mi querido amigo don Enrique: Para conocimiento de usted y de los demás compañeros de Comisión redactora del Estatuto, para quienes va un afectuoso y cordial saludo, créome en el deber de participarle que no asistiré a la Asamblea que está convocada en esa ciudad para los días 17, 18 y 20 [i. e., 19] del corriente.

Es verdad que mi representación en la Ponencia fue simplemente personal; pero no es menos cierto que por muy modesta e insignificante que sea -y lo es- mi personalidad, yo no puedo, ni quiero, ni debo prescindir en ningún acto público de mi condición de presidente de la Academia Gallega; y como esta institución cultural, que había sido invitada a la Asamblea de 3 de julio último, no puede asistir a la de este mes, por haberle puesto el veto las cinco respetabilísimas personas amigas que formaron y redactaron el Reglamento⁹, entienden mis compañeros de Junta de Gobierno, y yo con ellos, que ante esa desdeñosa desconsideración, el presidente de la Academia no puede dignamente concurrir a un acto para el que no ha sido convocada la entidad que preside.

